

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día trinta e un de maio de dous mil doce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez e don Eladio Mangana Novoa, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xoán Xosé Jardón Pedras, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Ratifícase por unanimidade o cambio de data da sesión ordinaria do mes de maio de 2012, acordada na Xunta de Portavoces do día 14 de maio, polo que procede desenvolverlos asuntos incluídos na orde do día.

### **2º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2012.**

O Sr. presidente pregúntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ó borrador da acta da sesión anterior, correspondentes á ordinaria do día 27 de abril de 2012, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista,** manifesta que na moción presentada sobre os conservatorios figuran 44.000 euros para a construción dun tanatorio en Baltar, cando a realidade é que son 144.000 euros. Pide que se corrixa esa cantidade.

Non se formula ningunha outra obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade, coa dita corrección.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

### **3º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xoán Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, anuncia a abstención do seu grupo. O presidente da Deputación comunicoulles ós medios -que non ós grupos da oposición- mediante nota oficial, o desbloqueo da negociación a respecto do acordo regulador e do convenio colectivo cos representantes dos traballadores e traballadoras, ó chegar a un acordo logo de que o cadro de persoal de traballadores e traballadoras da institución amosara o seu rexeitamento á intención do presidente de eliminar algúns dos dereitos dos que viñan gozando ó longo dos últimos anos, en virtude do acordo plenario de decembro de 2008. Parece ser que finalmente -dado que o BNG non tivo coñecemento oficial dos termos do acordo- superouse o escollo principal da negociación e ambas partes cederon ó establecerse que a Deputación concertará o seguro de asistencia sanitaria para tódolos funcionarios de carreira que o desexen contratar, pero xa non será enteiramente aboada pola Deputación que aboará o 20% do seu custo, o cal se aplicará só a un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral. A proposta que se fai para a modificación do acordo regulador e do convenio colectivo parte de que a crise económica está a provocar, entre outras cuestións, unha importante redución de ingresos ó haber menos recadación fiscal. En consecuencia, prosegue o informe, resulta inevitable que estas medidas afecten ó capítulo I, dado o relevante peso que ten nos orzamentos da Deputación Provincial. O que non di o informe é que ese peso tan importante é froito da aplicación dunha determinada forma de entende-la política, ó longo de máis de 20 anos, que grazas a contratacións masivas (na actualidade hai 908 traballadores en nómina), acabou criando un monstro que xerou que unha parte moi importante do orzamento o leve o capítulo I, ata o 41%. Tampouco fai mención o informe a que as medias de axuste poderían vir do recorte no capítulo II de gasto, tanto pola vía da redución e racionalización do gasto corrente, absolutamente excesivo, (comunicación, teléfonos, carburantes), e de xeito moi especial das partidas de protocolo e publicidade que supoñen 418.000 e 887.100 euros respectivamente, nin da supresión de entes dependentes da deputación. Sen entrar na cantidade de persoal que depende da Deputación (Centro Cultural, Teatro Principal, Urbaourense), que

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

son unha tradución clara do que está a dicir. Óptase pola saída máis fácil que non é outra que a de facer recaer as consecuencias da crise nos empregados públicos, que están a ser obxecto de recortes desde que xurdiu a crise. En maio de 2010 sufriron unha perda do poder adquisitivo e a día de hoxe seguen con conxelacións salariais, sen que iso teña producido efectos positivos na estabilidade económica nin no saneamento das facendas públicas e cre que tampouco nesta Deputación. Emprega a crise como pretexto para aprobar medidas regresivas como neste caso, que non dan resultados concretos nin solucións. A Xunta de Galicia adoptou, a comezos de 2012, un paquete de medidas similares as adoptadas polo goberno central, sen que iso teña producido ningún efecto (o paro segue medrando). Respecto dos recortes, existen reducións en dereitos significativas, como é o caso de non suplementar as baixas médicas nos primeiros días. Iso non só afecta a dereitos retributivos, senón que sobre todo implica reducir dereitos ás persoas que, ás dificultades económicas, se lles xunta o padecer enfermidades. Un exemplo de cómo se focaliza esta forma de facer política. A reconversión das brigadas de vías e obras faise por un criterio exclusivamente economicista sen ter en conta a operatividade do servizo. De nada vai valer aforrar nesa partida, se o tempo non se fai unha valoración de cal é o mellor horario para optimizalo servizo. As medidas nas que incorre máis gasto a Deputación son impostas por gobernos do PP, polo que a responsabilidade no recorte recae exclusivamente neste partido, que lonxe de mellorar a situación económica está a empeoralala de xeito alarmante.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, subscribe as palabras do portavoz do BNG, xa que o Grupo Socialista sempre fixo fincapé en que o gasto do capítulo I é excesivo e o recorte no capítulo II podería ser moito máis xusto. Sen entrar a valorar estas cuestións, estamos falando da modificación dun acordo regulador, tanto dos funcionarios como do persoal laboral. Pensa que os grupos da oposición merecen máis respecto, no sentido de que deben coñecer os acordos que afecten ós traballadores desta casa, xa que eles son membros da Corporación e as formas coas que se tratou este asunto non foron as máis acertadas, e puido quedar para o próximo Pleno. Anuncia que o voto do seu grupo vai ser a abstención porque non son alleos á situación económica actual, e esta Deputación tamén está atravesando un momento delicado. O seu grupo está en contra de calquera recorte que se lles faga ós traballadores, porque non son os culpables da situación actual, e o que propón o grupo de goberno é eliminar algúns privilexios que viñan gozando. O Grupo Socialista é consciente da realidade que vivimos e comparativamente con outros traballadores ou con outras persoas que non teñen

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

traballo poderíase interpretar isto como privilexios. Estes privilexios, se son tales, serán responsabilidade de quen gobernou esta casa ata hai pouco e de quen está gobernando agora. Polo tanto non é responsabilidade dos traballadores, senón irresponsabilidade de quen os goberna ou os gobernou. Reitera a súa abstención tendo en conta que se chegou a un acordo cos traballadores.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** manifesta que a súa intervención servirá tamén para o próximo punto. Non podemos esquecer a situación na que estamos e a grave crise actual tivo como efecto unha notable redución dos ingresos desta Deputación, como resultado da redución da recadación fiscal do Estado. Como consecuencia desta redución de ingresos xerouse unha situación de retraso nos pagamentos a provedores, que deu lugar a que a Deputación se vise obrigada, en cumprimento do establecido no Real decreto lei 4/2012, á adopción dun plan de axuste, aprobado polo Pleno desta Deputación e validado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Non obstante, as medidas que integran o dito plan de axuste reveláronse insuficientes, ó terse coñecemento durante o mes de abril de novas reducións dos ingresos previstos e incrementos dos gastos que debe asumir a institución provincial. En concreto, a supresión na Lei de orzamentos do Estado para este ano da subvención para o Plan provincial de obras e servizos e o recorte das subvencións ós concellos por parte da Xunta de Galicia para o financiamento dos servizos sociais. Polo exposto, a Deputación virá obrigada a destinar en torno a 3 millóns de euros a estas dúas finalidades (mante-lo investimento previsto no Plan Provincial e contribuír ó financiamento dos servizos sociais municipais) circunstancia que non puido ser prevista cando se elaboraron os orzamentos da institución para 2012, o que determina a necesidade de adoptar medidas efectivas de redución de gasto para xera-los correspondentes recursos. O Sr. presidente prometeu que mantería estas dúas actuacións fose como fose. Inevitablemente, estas medidas de axuste teñen que afectar ó gasto de persoal, dado o relevante peso que o capítulo I ten nos orzamentos da Deputación. Sorpréndelle que cando se toca o capítulo I parece que se equivocan e fálase do capítulo II e cando se toca o II fálase do I. Despois das negociacións levadas a cabo cos representantes dos traballadores e das traballadoras (Xunta de Persoal, Comité de Empresa, Mesa de Negociación) e de reunións do Sr. presidente cos ditos representantes, chegouse a un acordo onde ambas partes cederon. Destaca, en nome do grupo de goberno, que os traballadores foron sensibles á negociación, e comprenderon que este é un momento de sacrificios para todos.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Trátase dunha suspensión temporal de determinados dereitos adquiridos (que non privilexios) recollidos no acordo regulador do persoal funcionario e no convenio colectivo do persoal laboral, ata que as dispoñibilidades orzamentarias permitan a súa restitución sen ningunha mingua da calidade e cantidade de investimentos e dos servizos públicos municipais. Reitera o recoñecemento do grupo de goberno ós traballadores/as da Deputación pola súa actitude e desexa que isto dure o menos posible e que pronto se poida volver a unha situación de dereitos importantes para os nosos traballadores.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG**, manifesta que o que fai o grupo de goberno é o que teñen que facer e non teñen ningún mérito, porque é a súa responsabilidade. Relacionou este asunto co plan que se vai presentar mañá porque o seu grupo critica as formas. O PP goberna en tódalas instancias (Goberno Central, Xunta de Galicia, Deputación Provincial) e polo tanto se poderían negociar doutro xeito. Reitera que o BNG se vai abster neste punto e para unha maior axilidade (que sempre demandou) non van repeti-la mesma argumentación para o punto seguinte da orde do día, para o que anuncia tamén a abstención.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que parece que non se quere entende-lo que dixo, porque cando falou de privilexios quixo dicir que pode ser un malentendido fóra de aquí, xa que eles non utilizan esa palabra, senón que a utiliza a sociedade e outros traballadores que non son da Deputación. En todo caso, se fosen privilexios o culpable sería quen os concedeu e desde logo non foi a oposición. Di que antes só se referiu ás formas de face-las cousas, porque non pasaba nada se se trouxera isto para o pleno que vén, igual que se teñen deixado sobre a mesa outros temas máis sensibles. Ó ritmo que van as cuestións económicas o día de mañá pódemos atopar con outras cousas máis graves. Como ben apuntaba o portavoz do BNG, hoxe gobernan en tódolos sitios e non teñen desculpas e non lles poden bota-las culpas. O portavoz do Grupo Popular dixo que a oposición fala do capítulo I ou do II segundo lles interesa, e o único que din é que no capítulo I hai cousas que se poden reaxustar. Ó mellor estase a vender algo importantísimo e ó final nun punto do acordo, que era a redución do seguro privado, xa se ve o acordo como foi e a verdade é que esta casa non vai aforrar tanto. Non lle vai dicir ó grupo de goberno o que ten que facer, só lle quere dicir que contén con eles para chegar a algún tipo de acordo xa que o seu grupo sempre tivo a man tendida. O que non se poden facer é levar este asunto ás comisións, falar de propostas e dicir que non se acadou un acordo cos traballadores/as. Isto é o que critican, máis as formas que o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

fondo, porque o fondo é cuestión do grupo de goberno. O seu grupo é sensible coa situación que se está a vivir e están dispostos a apoiar certas cousas, pero sempre que se fale con eles e non informarse a través dos medios de todo o que se vai facer na Deputación, sobre todo de cousas fundamentais. Parece ser que o día de mañá se vai presentar nos medios algo do que a oposición, a día de hoxe, non ten ningún tipo de información. O Grupo Socialista vai ser responsable e vai estar a favor dos traballadores.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, non podemos esquecer que recentemente se aprobou un plan de axuste que marca unhas medidas na contención de gasto que hai que cumprir. No plan de pensións afórranse 200.000 euros, nas axudas á vivenda 20.000 euros, no seguro de vida 75.000 euros, no seguro médico, que se cuestionou o seu aforro, aínda que se subvencione o 20% supón 240.000 euros de aforro, nas axudas de custo, pola reestruturación que se está a facer, sobre todo nas brigadas de obras e servizos, en torno a 300.000 euros. Pensa que é un aforro considerable para esta Deputación cos orzamentos que ten e nos tempos que corren. Fíxose un esforzo para manter cousas como as axudas para discapacitados, celíacos e diabéticos. Quen lles chamou privilexios foi a oposición e non o grupo de goberno que lles chama dereitos. En tempos de bonanza económica todos queremos máis e cando non a hai temos que conformarnos con menos, pero o mesmo pasa nas casas coas familias. O plan estratéxico é un plan do Sr. presidente e hai que respecta-la súa maneira de presentalo e está disposto a estudar calquera tipo de achega que se lle queira facer, tanto do propio grupo de goberno como da oposición. En canto á reestruturación das brigadas e doutros servizos o que se fixo foi escoitar ós xefes do servizo, que son os que máis saben do tema, dentro dunhas liñas mestras que marca o plan de axuste. Faille graza que o Grupo Socialista estea en contra dos recortes que se lles fagan ós traballadores, pero isto tíanllo que dicir ó Sr. Zapatero cando lles descontou o 5% ós funcionarios, ou recentemente ós señores de Andalucía, que se cansaron de dicir que había outra forma de facer política, que non era a dos recortes, e agora hai que lles preguntar ós traballadores da Comunidade Autónoma de Andalucía sobre os recortes. Non se pode dicir unha cousa cando se goberna e outra cando non se goberna, o que pasa é que parece que hai *tufillo* electoral e hai que atizar por todas partes. Reitera que estas medidas foron negociadas cos traballadores/as, chegándose ó acordo que se trae.

O **Sr. presidente** quere facer algunha precisión. Desde a Presidencia agradece o talante dos representantes dos traballadores/as nesta negociación, asumindo un sacrificio que é

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

recíproco. En canto a se este asunto se debería traer no próximo pleno, está seguro de que se o deixáramos para o próximo seguramente a oposición diría que habería que telo traído a este. Por último di que o que se aforra non é unha cantidade menor, como ben se encargou de dici-lo portavoz do Grupo Popular, xa que estas medidas supoñen un aforro total anual para a Deputación de 710.00 euros.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Modificar, ó abeiro do establecido no artigo 38.10 do Estatuto básico do empregado público, o vixente Acordo regulador do persoal funcionario da Deputación de Ourense, do 9 de decembro de 2008, no seguinte sentido:

a.- Con efectos do 1 de xuño de 2012, queda suspendida a eficacia dos artigos 53 e 64, na súa integridade, do acordo regulador.

b.- Con efectos do 1 de xuño de 2012 o artigo 62 do acordo regulador queda redactado como segue: os funcionarios que soliciten un exemplar de calquera dos libros publicados pola Deputación Provincial, seralle entregado a prezo de custo, sempre que haxa stock suficiente.

c.- Con efectos do 1 de xaneiro de 2013, o artigo 54 do acordo regulador queda redactado da seguinte forma: A Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para tódolos funcionarios de carreira que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada funcionario, co importe do 20% do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.

d.- Con efectos do día 1 de xuño de 2012, o persoal das brigadas do Servizo de Vías e Obras e do Equipo de Maquinaria de Cooperación quedará sometido á xornada continua prevista no parágrafo 4º do artigo 26 do Acordo regulador durante todo o ano, quedando sen efecto as previsións sobre xornada partida establecidas neste mesmo artigo do convenio, coa particularidade de que durante os meses de outubro a febreiro, ambos incluídos, a xornada iniciárase ás 8:00 horas da mañá.

e.- Con efectos do 1 de setembro de 2012, queda suspendida a eficacia do parágrafo 3º do artigo 59.

f.- A suspensión da eficacia das cláusulas do Acordo Regulador sinaladas, manterase ata tanto a situación económico-financeira da Deputación Provincial o esixa. En todo caso, a Deputación

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Provincial asume o compromiso de restituír ó persoal funcionario os dereitos afectados pola dita suspensión a partir do momento no que as disponibilidades orzamentarias permitan a dita restitución sen mingua da cantidade e calidade dos investimentos e dos servizos públicos provinciais.

Para os efectos de verifica-lo cumprimento do presente acordo, constitúese unha comisión de seguimento das medidas de redución de gasto que adopte a Deputación, integrada por un representante da Deputación, un representante da Xunta de Persoal e un representante do Comité de Empresa. A dita comisión reunirse nun prazo máximo de 5 días cando o solicite calquera dos seus membros co obxecto de informar sobre a situación económico-financeira da Deputación e das medidas adoptadas. O seu funcionamento rexerese polas normas do título 2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e a súa Presidencia corresponderalle ó representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle a un funcionario designado pola Presidencia.

2º) Denuncia-lo actual acordo regulador, ó abeiro do disposto no seu artigo 3, parágrafo 2º, instando á Mesa Xeral de Negociación a inicia-la tramitación para a negociación e subscripción dun novo acordo que poida entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

#### **4º.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG**, dille ó portavoz do Grupo Popular que non poña na boca deles o que non dixeron. En canto ó que se dixo das brigadas el só se referiu a que isto se facía por un criterio economicista e que había que mirar e avalia-los horarios e diso non se falou. Di que efectivamente hai un aforro substancial neste capítulo, pero aínda hai 1,3 millóns de euros en gastos de protocolo e publicidade e a iso non se toca. Reitera que o seu grupo se vai abster neste punto.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que no acordo si se fala do horario das brigadas no inverno (de outubro a febreiro). Este asunto, igual que o anterior, trouxéronse a este pleno porque hai que cumpri-lo plan de axuste e non se pode demorar.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que hoxe bateuse unha marca, porque se tardou menos de cinco minutos en nomear a Zapatero, pero a Rajoy non se pode nomear porque non está nin se lle espera e aquí só parece que está atacando ó Grupo Socialista polas reducións que ten que face-lo grupo de goberno. Reitera que do seu grupo non saíu a palabra privilexios e ó mellor hai que ver de onde sae, porque non se lles pode culpar de cousas que eles non din, igual que dixo o portavoz do BNG. Subscribe as palabras do portavoz do BNG no sentido de que hai moitos sitios onde recortar. Non van valorar se este acordo ó que se chegou cos traballadores está ben feito ou non, só se referiu a que se o grupo de goberno quere chegar a acordos coa oposición non o fagan a touro pasado. Non poden facer achegas cando nin sequera se lles fala do que se vai facer ou se se chegou a un acordo ou non antes de trae-lo asunto ó Pleno. Pode que se se trouxera o asunto ó vindeiro Pleno criticasen algunhas cousas de fondo pero non criticarían as formas, que é o que están criticando agora. O seu grupo é crítico pero non minte e ó Sr. presidente échese a boca dicindo que chega a acordos coa oposición cando non é así, porque se lles convoca á Xunta de Portavoces para informalos de nada, e iso non están dispostos a toleralo e a que se lles tome o pelo. En canto ó *tufillo* electoral que mencionou o Sr. Álvarez di que seguramente o grupo de goberno sabe por onde van as eleccións, pero o seu grupo é crítico en tódolos meses.

O **Sr. presidente** di que a primeira vez que se pronunciou a palabra privilexios neste Pleno foi polo portavoz do Grupo Socialista e isto o puido comprobar calquera cidadán, xa que se está retransmitindo en Internet. En canto ás reunións da Xunta de Portavoces manifesta que alí non só se vai escoita-lo que di o presidente, senón que se vai falar, propoñer e preguntar, e ata o de agora a participación do portavoz do Grupo Socialista foi cero no sentido de propoñer ou preguntar por calquera tema. Cando o Sr. Álvarez Dobaño se referiu ás achegas ían dirixidas ó plan que se presenta no día de mañá, e as achegas do Grupo Socialista e do BNG foron un folio en branco nas dúas caras desde que se anunciou que se estaba elaborando o plan e que se ía poñer en marcha. Pide que lle deixen ó grupo de goberno exercer-la responsabilidade de gobernar -marca-los tempos en política significa gobernar- e decidir cando se levan os temas para adopta-los correspondentes acordos. Reitera o agradecemento ós traballadores polo seu talento á hora de tratar esta negociación.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar, ó abeiro do establecido no artigo 41 do Estatuto dos traballadores, as condicións de traballo establecidas no vixente Convenio colectivo do persoal laboral da Deputación de Ourense, do 9 de decembro de 2008, no seguinte sentido:

a.- Con efectos do sétimo día natural seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia deste acordo, quedará suspendida a eficacia dos artigos 53 e 64 do convenio colectivo.

b.- Con efectos do sétimo día natural seguintes ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia deste acordo, o artigo 62 do convenio colectivo queda redactado como segue: o persoal laboral que solicite un exemplar de calquera dos libros publicados pola Deputación Provincial, seralle entregado a prezo de custo, sempre que haxa stock suficiente.

c.- Con efectos de 1 de xaneiro de 2013, o artigo 54 do convenio colectivo queda redactado da seguinte forma: A Deputación Provincial concertará un seguro de asistencia sanitaria para tódolos empregados laborais fixos que o desexen contratar. A Deputación subvencionará a cada unidade familiar ou, se é o caso, a cada funcionario, co importe do 20% do custo por un asegurado na modalidade de asistencia sanitaria integral.

d.- Con efectos do sétimo día natural seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia deste acordo, o persoal das brigadas do Servizo de Vías e Obras e do Equipo de Maquinaria de Cooperación quedará sometido á xornada continua prevista no parágrafo 4º do artigo 26 do Convenio durante todo o ano, quedando sen efecto as previsións sobre xornada partida establecidas neste mesmo artigo do convenio, coa particularidade de que durante os meses de outubro a febreiro, ambos incluídos, a xornada iniciárase ás 8:00 horas da mañá.

e.- Con efectos do 1 de setembro de 2012, queda suspendida a eficacia do parágrafo 3º do artigo 59.

f.- A Deputación Provincial asume o compromiso de que non se procederá ó despedimento de persoal laboral fixo como medida de redución de gasto, agás nos casos excepcionais de que a situación económico-financeira da Deputación Provincial empeore gravemente con respecto á actual e non exista unha fórmula alternativa que non supoña unha redución na calidade e cantidade dos investimentos e servizos públicos prestados pola Deputación.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

g.- A suspensión da eficacia das cláusulas do Convenio Colectivo sinaladas, manterase ata tanto a situación económico-financeira da Deputación Provincial o esixa. En todo caso, a Deputación Provincial asume o compromiso de restituír ó persoal os dereitos afectados pola dita suspensión a partir do momento no que as dispoñibilidades orzamentarias permitan a dita restitución sen mingua da cantidade e calidade dos investimentos e dos servizos públicos provinciais.

Para os efectos de verifica-lo cumprimento do presente acordo, constitúese unha comisión de seguimento das medidas de redución de gasto que adopte a Deputación, integrada por un representante da Deputación, un representante da Xunta de Persoal e un representante do Comité de Empresa. A dita comisión reunirse nun prazo máximo de 5 días cando o solicite calquera dos seus membros co obxecto de informar sobre a situación económico-financeira da Deputación e das medidas adoptadas. O seu funcionamento rexerá polas normas do título 2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e a súa Presidencia corresponderalle ó representante da Deputación. A secretaría da comisión corresponderalle a un funcionario designado pola Presidencia.

2º.- Denuncia-lo actual convenio colectivo, ó abeiro do disposto no seu artigo 3, parágrafo 2º, convidando ó Comité de Empresa a inicia-la tramitación para a negociación e subscripción dun novo convenio que poida entrar en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.

#### **5º.- MODIFICACIÓN DO ANEXO Ó BAREMO PROVINCIAL DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG,** manifesta que a Teleasistencia Domiciliaria é un servizo importante é fundamental para as persoas que, a través da liña telefónica e cun equipamento informático específico situado nun Centro de Atención e no domicilio dos usuarios/as, permítelles ás persoas maiores ou persoas enfermas ou discapacitadas, entrar en contacto verbal cos operadores do Centro de Atención e outros profesionais capacitados para dar resposta adecuada á crise presentada, ben por si mesmos ou mobilizando outros recursos humanos ou materiais, propios do usuario ou existentes na comunidade. O devandito servizo está a disposición dos usuarios as 24 horas do día, durante os 365 días do ano. O Servizo de Teleasistencia, cuxo obxectivo é logra-la permanencia de persoas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

vulnerables no seu medio habitual de vida, diríxese ós seguintes destinatarios: persoas que viven soas, con máis de 65 anos ou que padecen unha enfermidade ou minusvalía que lles impida desenvolverse na casa con autonomía; persoas que conviven con outra, e unha das dúas ten máis de 65 anos e padece unha enfermidade ou minusvalía que lle limita a súa autonomía persoal e doméstica; calquera persoa en situación de risco (enfermos, anciáns ou discapacitados) que vivan soas ou permanezan nesta circunstancia a maior parte do día. A proposta que fai a Deputación de modifica-lo anexo do baremo do Servizo de Teleasistencia, no sentido de que o outorgamento da alta no servizo quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial, indica ben ás claras que son os servizos sociais e cal é a prioridade para este grupo de goberno. Mentres a Deputación de Lugo aumenta o 100% con respecto ós orzamentos do ano pasado os seus investimentos en benestar e servizos sociais, o que responde á vontade de actuar en determinadas cuestións, e nesta Deputación xa se produciu unha mingua na cantidade orzamentada a respecto de 2011 no capítulo II, pasando de 240.971,59 €, que logo se incrementaría en 50.000 euros máis a través dunha modificación de crédito, a 230.100 €. Estamos a falar de máis de 60.000 euros a cantidade que vai recibir de menos esta partida con respecto ó ano pasado. En números absolutos, a Deputación ven atendendo a través do Servizo de Teleasistencia a unha media de 2.000 persoas, das cales aproximadamente 200 se atenden con fondos propios. Ó producirse unha mingua tan importante na partida de Teleasistencia, garantindo exclusivamente a aqueles que entran dentro do convenio co INSERSO, estaríamos a condenar a máis de 200 persoas de toda a provincia, a quedar sen este servizo. Pensa que nun momento coma este, no que moitos maiores están a volver ós seus fogares, no que outros moitos se están a quedar sos, produto da necesidade de que os fillos teñan que volver emigrar, o prioritario é investir nas persoas, garantirles a estas os servizos públicos, fronte actuacións que, sendo importantes, non operan de xeito tan decidido na calidade de vida das persoas. Pensa que investir neste servizo significa aforrar cartos no servizo de axuda no fogar, porque hai xente que só require este servizo. Cre que nun pleno co anterior presidente xa se debateu sobre este tema, e o seu grupo político valora este servizo, xa que é un gran servizo que se lles está a prestar ós cidadáns desta provincia. Cre lembrar que o anterior presidente adquiriu o compromiso de que en determinadas situacións que tiñan que ver coa dependencia, ningunha persoa ía quedar desatendida polo Servizo de Teleasistencia. Por todo o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

exposto o seu grupo vai votar en contra desta modificación e pídelles ó grupo de goberno que reconsidere o asunto.

**D. Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, manifesta que desde o Grupo Socialista, xa no pasado ano, chamouse a atención do anterior presidente sobre a necesidade que había de seguir mantendo nas mesmas condicións este servizo. A finais de xaneiro presentaron unha batería de preguntas relacionadas co Servizo de Teleasistencia. Existía un compromiso, como dixo o portavoz do BNG. O antecesor no cargo do Sr. Baltar Blanco xa comezou a aplicar recortes no servizo de teleasistencia escudándose en que a Xunta era a que tiña que asumir as competencias para a atención ós dependentes. Pero os meses pasaron e segue a haber moitos casos de persoas que foron quedando excluídas do Servizo de Teleasistencia. Estes usuarios quedaron desasistidos baseándose nunha retesía de atribución de competencias. Pero non podemos esquecer que 25.000 dependentes galegos que posúen o ditame positivo para percibir unha paga pola súa situación aínda non a cobran. Pero os peores prognósticos indican que parte de esas 25.000 persoas terán que seguir agardando. Con este cambio no baremo elimínase “a regra dos 3 meses”, é dicir, deixárase de darlles acceso a través do sistema de concorrencia competitiva ás persoas que estiveron un trimestre na lista de espera. Antes dábase servizo a tódalas persoas que o solicitaban. Pero as tesoiras vanse utilizar para condenar á lista de espera ás persoas que queden fóra da cifra que a Deputación defina que seguirá atendendo. O goberno do PP define as normas, marca os límites e condena á exclusión a un importante número de usuarios. Incúmpranse así os compromisos adquiridos polo expresidente da Deputación, quen ante unha serie de preguntas presentadas polo Grupo Socialista asegurou hai só uns meses que a Deputación asumiría con medios propios o custo da teleasistencia se a Xunta non o pagaba. Baltar Pumar asegurou tamén que os ourensáns que non se beneficiaban do Programa Individual de Atención (PIA) tamén seguirían sendo atendidos pola Deputación. Pregúntalle ó Sr. presidente qué motiva estes cambios, por qué se incumpren compromisos e ónde quedan estes compromisos. Esta decisión demostra a escasa sensibilidade do Sr. presidente con persoas que precisan dun servizo que na maioría dos casos non poden pagar. Pregunta tamén se o Sr. presidente vai seguir primando os criterios economicistas sobre os sociais. Fállle unha recomendación ó Sr. presidente en nome do seu grupo: recorte en cabalos e non en persoas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** agradece as recomendacións, pero para que non se faga demagogia di que é certo que os usuarios son persoas pero non son números, e a oposición agárrase ós números cando lle interesa. O que está claro é que o convenio que había co IMSERSO impedía atender ós dependentes, polo que se deu de baixa a trescentos usuarios, comunicándollo por escrito e concedéndoselles trámite de audiencia. O baremo único provincial que está vixente, que data de novembro do ano 2002, establecía unha lista coa particularidade de que o que estivese tres meses esperando automaticamente adquiría un dereito. Esta Deputación non é un pozo sen fondo e os servizos hai que prestalos pero tamén hai que pagalos. Esta é unha modificación concreta, que é que haxa unha lista de espera como tal, coa particularidade de que en casos de urxencia, informada polos servizos técnicos da Deputación, se lles prestará servizo ás urxencias. A isto se comprometeu o anterior presidente e nesa liña segue o actual. Adianta que se está a elaborar un plan de servizos sociais que está aberto a suxestións. En canto ás tesoiras, di que non quere lembrar cousas e á súa vez pídelles á oposición que non se enfaden e que non agochen ó Sr. Zapatero. O Grupo Popular está orgulloso dos seus expresidentes, pero o Grupo Socialista parece que non, porque, seguramente, o Sr. Zapatero foi o peor presidente da democracia (aínda que tampouco fixo todo mal). Os recortes hai que facelos porque así obriga o plan de axuste, pero o mesmo aquí que en Cádiz, Barcelona ou Zaragoza, e iso a oposición parece que non o entende. É unha modificación necesaria, imprescindible e sobre todo xusta. Non se poden mirar só os números, xa que lle consta que no varrido de inspección e control que se está a facer da prestación de servizos, hai desde picaresca ata abandono, é dicir, xente que ten adxudicado o servizo e non o utilizou nunca, porque algunhas persoas non saben nin que dispoñen do servizo.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG,** di que neste momento os debates de política xeral non interesan moito e hai que centrarse no debate que nos afecta, que é o Servizo de Teleasistencia. Dándolle volta á tortilla incide no que dixo antes cando se referiu a que o PP goberna en tódalas institucións. Ten entendido que a achega do IMSERSO non se estaba a facer efectiva, pero cando se goberna na Xunta e no Estado hai que facer vale-la forza dos votos e dos deputados para expoñer estas cuestións alí, onde se decide o orzamento destes servizos esenciais e básicos, e non esperar a feitos xa consumados e ter recortar desde aquí. Reitera o valor que lle dá a este Servizo de Teleasistencia e pensa que quen debería te-lo control son os servizos técnicos da Deputación e o seu grupo de goberno, para que non haxa a picaresca da

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

que falou o Sr. Álvarez. Retomando os compromisos da anterior Presidencia da Deputación, pide que se reconsideren este tipo de recortes. Reitera o voto en contra a esta resolución.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, quere aclarar que o seu grupo non agocha a expresidentes como o Sr. Zapatero, e o Grupo Popular non ten necesidade de agochar a ninguén porque Rajoy xa se agocha el só, facendo declaracións fóra de España ou en lugares que non lle corresponden e non dá a cara ante a opinión pública. En canto ós números, o seu grupo sempre falou de persoas neste asunto, sempre estiveron preocupados para que se mantivese o Servizo de Teleasistencia. Non existe picaresca, senón que existen 300 usuarios que quedaron fóra, e os que quedarán para os próximos meses no limbo da Teleasistencia, no limbo da Lei de dependencia ou no limbo do PIA. Cre que se debe actuar e non deixa-las persoas abandonadas, porque as 25.000 persoas que non teñen recoñecida a dependencia definitiva van ser abandonadas. Lembra que o anterior presidente dixo que ninguén ía quedar sen servizo. Parécelles unha ofensa para as persoas que necesitan este servizo que se estea a falar de recortar servizos tan importantes e que se fale ó mesmo tempo de picaresca.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, manifesta que parece que a Sra. Morenza non o entendeu e pódelle demostrar que da lista de persoas que ten esta casa de usuarios do Servizo de Teleasistencia hai algúns que nin saben que dispoñen del. Referiuse á picaresca pero non á picaresca dos usuarios, senón á do seu entorno familiar ou próximo. Pode poñer exemplos tamén de quen lles solicitou -vía traballadores sociais dos concellos- os servizos de teleasistencia a determinadas persoas que nin sequera o saben. A modificación que se propón é clara e concreta e o grupo de goberno non vai deixar a ninguén abandonado no suposto de que sexa necesario e así o valoren os traballadores técnicos da Deputación, porque ese é o compromiso do grupo de goberno e do seu presidente.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do baremo único provincial para avaliación técnica da necesidade de acceso ó Servizo de Teleasistencia, aprobado con data 29 de novembro de 2002 e publicado no BOP do 1 de febreiro de 2003, no seguinte sentido:

- Modifícase o apartado segundo, regra segunda, do anexo, quedando redactado como segue:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

*O resto de solicitudes concorrerán a unha avaliación mensual, concedéndoselle a alta no servizo, de acordo coa puntuación obtida, ata esgota-lo continxente mensual de prazas dispoñibles.*

*As solicitudes que non obteñan a alta na avaliación correspondente ó mes da súa presentación, pasarán a concorrer ás avaliacións seguintes, sucesivamente, ata que obteñan a alta. Esta situación de espera comunicaráselles oportunamente. Sen prexuízo disto, poderáselles adxudicar, de modo directo, no momento no que se manifeste unha situación de urxencia, aplicándoselle-lo disposto no parágrafo segundo, regra primeira do baremo.*

*En todo caso, o outorgamento da alta no servizo quedará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial.*

2º.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o expresado prazo poden presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, desta modificación. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A ESIXENCIA Á XUNTA DE GALICIA DO DESBLOQUEO DOS PROXECTOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, antes da exposición de motivos da moción, quere deixar claro que os socialistas son un partido con vocación de goberno e totalmente conscientes da situación excepcional que está a sufrir este país, pero isto non pode servir de coartada, non só para recortar e reduci-lo investimento a límites ridículos, senón para poñer a esta provincia nunha situación insostible. Polo tanto, alguén ten que parar esta falta de compromiso político do goberno da Xunta de Galicia con esta provincia. O Sr. presidente desta Deputación debe deixar de facer tantas fotos e tanta propaganda co presidente da Xunta de Galicia e cos seus conselleiros, e coa porta pechada –non diante dos medios- te-la valentía de dar un golpe na mesa e defende-la ourensanía da que tanto fala, para que deixe de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

ser só unha palabra moi bonita e que se converta nunha realidade. Como primeiro xesto, poderían aprobar esta moción do Grupo Socialista, pois está seguro de que a bancada popular está de acordo co se reivindica nela. O Sr. presidente mentiu cando dixo que a oposición non achega nada na Xunta de Portavoces nin nas comisións informativas, porque isto é unha proba. Se o grupo de goberno aproba esta moción, ó momento ó Grupo Socialista porase do seu lado, disposto a marcar xuntos as prioridades cun pacto político para esta provincia, que nos fai moita falta. Dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Hai máis de tres anos que se celebraron eleccións ó Parlamento Autonómico. En marzo de 2009 a maioría dos galegos e das galegas decidiron que tiña que goberna-lo Partido Popular. Daquelas, ós integrantes do PP en Ourense enchíaselles á boca tódolos días facendo reclamacións de máis obras, máis servizos, máis rápido. E hoxe, trinta e oito meses despois, eses que reclamaban día si e día tamén parece que enmudeceron, que puxeron unha venda na boca e outra nos ollos. Hoxe, a situación mudou completamente dende que Feijóo chegou á Presidencia da Xunta de Galicia. En Ourense non se fixo unha soa obra nova de envergadura dende que o PP está gobernando Galicia, e moitas das que había proxectadas desapareceron dos orzamentos ou figuran con partidas testemuñais que fan que non se poidan poñer en marcha. Feijóo está a aplica-la antipolítica do desenvolvemento. Recorte en servizos esenciais, despedir traballadores e non executar obras. Xusto o contrario do que un país necesita para desenvolverse e saír adiante. Recortes brutais en servizos sociais, recortes brutais en educación, recortes brutais en sanidade, recortes brutais en medio ambiente e medio rural, recortes brutais en infraestruturas, e así poderíamos continuar nun longo etcétera. Deixa morrer por inanición á única estación de montaña de Galicia, un símbolo desta provincia e sustento da economía das comarcas de Trives e Caldelas. Non acomete as estradas de Trives á N-120 nin a de Trives a Ourense, como xa estaban proxectadas. As obras dos centros de saúde están nin comezar, e non teñen visos de facelo. O edificio xudicial está sen iniciar. Acontece o mesmo coa ampliación do Parque Tecnolóxico. En Verín acontece o mesmo co Parque de Tamagos e co de Pazos. O Proxecto do Val da Rabeda desapareceu das previsións da Xunta. En Xinzo seguen á espera do comezo da ampliación do seu parque empresarial. A autovía a Celanova vai retrasada sobre os prazos previstos. A terceira fase da circunvalación levan vinte e cinco meses en obras para acometer un quilómetro e medio e a cuarta fase está sen comezar. Está sen executar a partida da rolda bulevar en Ourense. O proxecto de parque medioambiental de Carballeda de Avia quere ser*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

*cambiado por unha incineradora no Irixo que enchería a esta provincia de contaminación e lixo. A obra tan reclamada por tódolos empresarios como é a conexión entre o Polígono de San Cibrao e a autovía non sae do lameiro. E así poderíamos continuar con máis extensión. Pero Feijóo aínda ten o valor de vir presentar a esta provincia algúns proxectos. Nestes días veu presentar por segunda vez o Hospital 2050, que se tería que chamar Hospital 2222 porque coa consignación de cartos que ten para esta anualidade, e de seguir así ano tras ano remataría a súa construción e equipamento dentro de 210 anos. Este é o goberno do fracaso e do fraude na súa xestión e nas súas promesas, e nós as deputadas e deputados provinciais, sen distinción de cor política estamos aquí para defende-los intereses de Ourense. Agora é o momento no que hai que facer unha elección. A elección é se seguimos apoiando e defendendo a este goberno baleiro do Partido Popular ou se defendémo-la nosa provincia, a Ourense. Agora é o momento de demostrar que estas frases que levan a palabra “ourensanía” non son frases baleiras de contido, senón que nós defendemos a esta provincia e a súa cidadanía. Por todo o exposto anteriormente propomos a adopción do seguinte acordo: Reclamarlle á Xunta de Galicia e o seu presidente Alberto Núñez Feijóo que desbloquee tódolos proxectos que atinxen ó desenvolvemento desta provincia. Esixir que non se produzan máis recortes en sanidade, educación e servizos sociais e que se retraia dos que xa acometeu. Reclamar que deixe de ningunear á provincia de Ourense e de tratarnos como a cidadáns de segunda. Esixir que se leve a cabo un proxecto serio e rigoroso de equilibrio territorial da Galicia rural fronte á Galicia da costa”.*

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, adianta que, como políticos representantes dos cidadáns e como ourensáns, van votar a favor da moción. Existe unha realidade, corroborada pola praxe política do Partido Popular, de que existe unha Galicia de dúas velocidades, cuestión que se vai acentuando cada vez máis. O das dúas velocidades non é tan só unha clara metáfora da nosa posición no país. Coa paréntese de pouco máis de 3 anos, nos que o goberno de coalición PSdeG-BNG deseñou políticas de reequilibrio, nas que a discriminación positiva coa Galicia do interior foi a tónica xeral, as políticas implementadas polo PP, tanto na Xunta como no Estado, ó longo de lustros foron as de esquecemento total e absoluto. A falta de investimentos da Xunta en cuestións estratéxicas como a estación de montaña de Manzaneda, que sitúa ó bordo do abismo, por se non o estivera xa, a economía de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

comarcas como a das Terras de Trives e Caldelas. A falta de concreción de proxectos como Xero, a Cidade do Motor, o proxecto de avións non tripulados en Trasmiras, o centro tecnolóxico da carne, o Val da Rabeda, o recurso permanente á propaganda, ou mesmo á enxeñería orzamentaria, como no caso do investimento previsto para o AVE, ou a parálise da autovía de Lugo a Ourense, son só algúns exemplos concretos que ilustran o que está a falar. Pero por se fora pouco, ademais da falta de concreción de investimentos para proxectos estratéxicos existe outra realidade que ten un claro impacto na economía da provincia, que é a de que importantes infraestruturas viarias, sanitarias, empresariais ou xudiciais acumulan partidas nos orzamentos autonómicos durante a última lexislatura, sen que moitas delas se chegaran a iniciar e que supoñen, en números absolutos, un investimento de máis de 100 millóns de euros. Pero nada do que está a acontecer coa provincia é alleo ó peso político do Sr. presidente, e a súa inexistente relación (ou permanente relación de desconfianza ) co presidente da Xunta. Hai un refrán popular que di que aqueles pos, trouxeron estes lodos. A loita que o Sr. presidente e o seu predecesor manteñen co aparello oficial do seu partido está a ter consecuencias funestas para a provincia, pois á marxinação sistemática á que a teñen sometida os distintos gobernos do Partido Popular, hai que engadi-lo clima de desconfianza e receo cos seus correligionarios.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, reitera o que dixo noutro punto da orde do día con respecto a que parece que se acercan eleccións, e el o único que sabe é que as eleccións tocan en marzo do próximo ano. Os proxectos esixen seriedade e teñen que se viables e realizables, técnica e economicamente, o demais e escribirlles cartas ós Reis Magos, e iso é para os nenos. O grupo de goberno desta Deputación non está satisfeito co que se leva feito nos últimos tres anos, pero tampouco cando gobernou a oposición (disto hai tres anos e no Estado español hai só uns meses). Antes non dicían nada, pero agora entroulles a vea reivindicativa e lémbrese de tódolos males de Galicia, de Ourense e do Estado español. Anuncia que van votar en contra da moción por razóns obvias. Non vai relata-las obras que fixo a Xunta durante os últimos tres anos, pero si se vai referir a algunhas que se mencionaron. En canto á autovía Ourense-Celanova (cun investimento de case 122 millóns de euros), xa está executado case o 70% do primeiro treito e cre que estará operativa antes de remata-lo ano. En relación co saneamento e o abastecemento, unha obra importante é a EDAR de Reza, na que participa a Xunta de Galicia con máis de 67 millóns de euros, e ó que hai que facer e dicirlle ó goberno do

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Concello de Ourense que faga os seus deberes xa e a tempo. Obras de abastecemento en Ourense con máis dun millón de euros; en Celanova cun millón, A Merca, Cortegada, etcétera. En canto ó transporte metropolitano, ben se puido poñer en marcha cando gobernaba a oposición na Xunta e en Ourense, agora o que se necesita é que o Concello de Ourense desbloquee este asunto e pídelle ó Sr. Gómez que interceda ante os seus compañeiros/as do concello para que adopten medidas neste sentido. En relación co solo empresarial, lembra que se puxo en marcha a última fase en Pereiro de Aguiar do Centro de Transporte de Mercadorías e estanse levando a cabo actuacións importantes na ampliación do Polígono de Pazos, o novo Polígono de Tamagos, o Plan Especial de San Cibrao e a primeira fase do Polígono de Xinzo. Ourense é a provincia máis beneficiada de Galicia co Plan Hurbe e están en execución máis de 37 actuacións, cun investimento próximo ós seis millóns de euros. En canto ás áreas de rehabilitación, recentemente se asinaron dúas: a área de Ourense (Polvorín, Camelias e A Carballeira) e a de Vilar de Santos. En canto ás infraestruturas xudiciais vólvelle pedir ó Sr. Gómez que interceda cos seus compañeiros do Concello de Ourense, dado que o edificio xudicial, cun investimento de máis de dezaseis millóns de euros, que forma parte do Plan de Infraestruturas Xudiciais, unha vez resoltos os problemas co concello en relación coas expropiacións, as obras xa deron comezo o ano pasado. O edificio constará de cinco plantas e case 15.000 m<sup>2</sup>, que van solucionar as necesidades de espazos para as vindeiras dúas décadas, ó poder albergar 24 xulgados, 15 salas de visitas, un xulgado de garda, un decanato e unha sala de usos múltiples. Tamén se fixeron investimentos en Celanova (260.000 euros) e outros máis pequenos en distritos xudiciais da provincia. En canto a emerxencias, vaise poñer en marcha o Consorcio provincial contra incendios e de salvamento de Ourense, unha vez que estea en marcha o do Carballiño. En canto ó Hospital 2050 (ó que graciosamente se lle chamou o Hospital 2222), Galicia ten en marcha o maior proxecto de innovación sanitaria cos programas Inova Saúde e Hospital 2050, financiados a través de convenios asinados en decembro de 2011, entre o Ministerio de Economía e Competitividade e o SERGAS. O Hospital 2050 permitirá defini-lo que será o hospital do futuro. Permitirá construí-la nova ala de innovación sanitaria no CHOU e desenvolverase principalmente na nova área de saúde integrada de Ourense. A execución total da obra planificada para Ourense ten un orzamento de ó redor de 135 millóns de euros, dos que uns 40 millóns corresponden á primeira fase. Este mesmo mes adxudicárase a reprogramación funcional, Plan Director Hospital 2050 e redacción do proxecto

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

básico e de execución da fase I do CHOU. Están previstos os centros de saúde de Barbadás, O Vinteún. Pereiro de Aguiar, O Couto (con problemas polo Concello). Xa se puxo en marcha o de Vilamarín e o da Peroxa abrírase en xullo ou agosto. Tamén se fixeron centros de día, escolas infantís, inténtase relanzar Manzaneda, en materia de educación houbo un investimento de máis de 13 millóns de euros en distintos puntos da provincia, e moitas máis que, se ten ocasión, citará na súa segunda intervención.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, dille ó Sr. Álvarez Dobaño que quen parece que escribiu a carta ós Reis Magos foi el. Pregúntase se o Sr. Álvarez Dobaño escoita á xente da provincia e ós mesmos compañeiros. Hoxe tocoulle ler esa carta ós Reis Magos pero a realidade é que non rebateu nada do que dixo el na súa intervención. Para ser serios e rigorosos hai que dici-las verdades, e a verdade é que a Xunta de Galicia do Partido Popular é un goberno desastroso que vendeu a milonga de se-la comunidade co mellor déficit que tiñan tódalas comunidades de España, e aínda por riba de non ser certo din que se elaboran os orzamentos en xaneiro e que se pechan en setembro. É imposible, aínda que se intente, defende-lo indefendible. En relación con Manzaneda, despois da reunión á que asistiron e despois de falar coa secretaria xeral, a realidade é que non hai nada; dixo que ía haber noticias sobre os parques empresariais, pero non sabe se boas ou malas. Falando de *tufillo* electoral, xa saben que veñen as eleccións e non porque –como di o Sr. Álvarez- estean en pe de guerra, senón porque seguramente nestes días haberá enriba da mesa algún proxecto empresarial estrela que nos vai quitar a todos da crise e que nos vai xerar miles de postos de traballo, porque esa é a estratexia do Partido Popular de toda a vida. O presidente da Xunta de Galicia é un fenómeno porque pasou, en tres anos e pouco de goberno, de arranxar tódolos problemas en corenta e cinco días a dicir que non o podía cumprir porque a culpa de tódolos males era do Sr. Zapatero. Despois empezou a dicir que en canto chegara Rajoy ó goberno se ía arranxar todo, e iso haberíallo que dicir ós cidadáns. Agora di que as políticas do PP en Madrid non as vai aplicar en Galicia. Esta provincia necesita con urxencia que a Xunta de Galicia lle bote unha man para un reequilibrio territorial. Non vai entrar a valorar tódolos datos que deu o Sr. Álvarez Dobaño, porque el tamén podería dar datos comparativos dunhas provincias con outras, pero quere dicir que o Sr. Feijóo si que é o peor presidente que tivo a Xunta de Galicia ata o de agora.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, con respecto ó Plan HURBE, os concellos que o teñen son case todos do Partido Popular. Con respecto á autovía de Celanova,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

está cofinanciada con diñeiro privado e cunha peaxe encuberta que nos custará a todos non se sabe cantos anos. Con tódalas marabillas que relatou o portavoz do Grupo Popular non se entende como o rural ourensán ten o triste dato de que en dez anos non naceu un só neno. Tampouco entenden que cando se pide unha mellora para o desenvolvemento da provincia o grupo de goberno vote en contra, xa que el cría que a razón de ser da Deputación era defende-los intereses da provincia de Ourense, pero con este voto en contra o único que fan é defende-los intereses da Xunta de Galicia, do Sr. Feijóo e de Madrid.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que o seu grupo tamén defende e reivindica os intereses para esta provincia, pero a situación actual non é a mellor. Seguramente hai uns anos ninguén pensaba gobernar un concello nas circunstancias nas que se están gobernando hoxe. Ós señores Rajoy, Feijóo e Baltar Blanco tocoulles gobernar no peor momento da democracia en España. En canto ó déficit, el non viu ese dato tan rotundo por ningún lado, agás no fragor político do debate. En canto a pecha-los orzamentos en setembro, en tódalas administracións se pechan os orzamentos cando se esgota o crédito orzamentario, e ó mellor xa é en febreiro. O presidente da Xunta di que hai que gasta-lo que se ten e cando non hai non se gasta e non se pode facer demagogia disto e pretender manipular á xente con datos que non son a realidade. Fixo un relatorio de cousas que fixo a Xunta porque o Grupo Socialista na súa moción ten unha visión apocalíptica do que fixo a Xunta de Galicia nos últimos tres anos. O que está claro é que a Xunta de Galicia, nunhas circunstancias moi difíciles, fixo actuacións importantes nesta provincia e están moitas en marcha, pero se non o queren crer non ten nada que facer.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que os concellos teñen un problema para face-los orzamentos e é que a maioría das veces non teñen consignadas as axudas que van ter da Xunta, ou das que xa están consignadas retiran o 80% antes de remata-lo ano, como pasou cos servizos sociais. Iso é dun goberno irresponsable e que non mira pola nosa provincia, porque é unha das que máis necesita deses fondos. Reitera que este é o peor goberno da Xunta e esta Deputación tiña que facer algo porque esta provincia está sometida a unha chantaxe e a unha tomadura de pelo polo Sr. Núñez Feijóo. Pensa que o Grupo Popular se tería que unir a eles para reivindicar-lo que lle pertence á provincia, porque na moción non pintan unha visión apocalíptica, senón que pintan a realidade. Aquí nomeouse ós seus compañeiros da Praza Maior, e di que xa lle gustaría a el que no Concello de Ourense se

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

tivese o mesmo respecto que a oposición ten na Deputación, e moitas cousas das que falou o Sr. Álvarez Dobaño non ocorrerían se non estivese o Plan Urbanístico do Concello como está nestes momentos, feito polo Partido Popular e que o tivo que intervi-la xustiza, porque non cumpría.

Ó Sr. **presidente** parécelle ben que se trate esta iniciativa no Pleno da Deputación, pero no Parlamento de Galicia non houbo unha iniciativa semellante a esta para instar directamente naquel foro legislativo esa serie de actuacións que se lle reclaman ó executivo autonómico. O gran drama dos grupos da oposición nesta Deputación é que pasaron polo goberno autonómico e o cuarto parágrafo da moción é un recoñecemento expreso ó que foron incapaces de corrixir durante ese tempo e que se están poñendo agora os pasos oportunos para facelo realidade. El viviu aquela situación como parlamentario do grupo maioritario da oposición, un grupo con vocación de goberno, non como o Grupo Socialista, que se contan gobernar nesta Deputación tería que ser cun goberno bipartito e contar co Grupo do BNG. Neste pleno o Sr. Rodríguez Puga, representante do BNG, falou de loita co aparello oficial do Partido Popular, con isto xa queda todo dito, como falar de correlixionarios e enfrontamentos. Comparte co portavoz popular que a moción fai unha visión apocalíptica, xa que se repite varias veces a palabra brutal. O presidente da Xunta é o que ten a lexitimidade democrática de gobernar, apoiado por un grupo parlamentario de trinta e oito deputados, e cando convoque as eleccións autonómicas será cando se teña a ocasión de valora-lo feito, o desenvolvido, o prometido, etcétera. Cando el estivo na oposición na Xunta puido comprobar que cando se levaban iniciativas a favor de Ourense, sistematicamente eran votadas en contra polos deputados ourensáns tanto do Grupo Socialista como do Grupo do BNG, mesmo na que se solicitaba que se mantivese como festa única dos maiores a do Carballiño e o propio líder socialista e candidato á presidencia da Xunta do Partido Socialista votou en contra.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), non se adopta o acordo proposto na moción e queda rexeitada.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O REXEITAMENTO Á MODIFICACIÓN DO DESEÑO DAS PLANTAS XUDICIAIS EN ESPAÑA.-**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

O Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Vázquez Blanco para que defenda o contido da moción.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, por economía procedimental e en aras da brevidade, non vai le-la moción, pois xa coñecen o contido os deputados e deputadas, si dá lectura ó acordo que se propón: *instar ó goberno da Xunta de Galicia co fin de que inste ó Goberno do Estado para que non dea validez ningunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborado polo Consello Xeral do Poder Xudicial, mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes. Instar á Xunta de Galicia co fin de que inste ó Goberno do Estado para que proceda a retira-lo anteproxecto de reforma das taxas xudiciais. Dar traslado deste acordo ó Consello da Avogacía, ó Consello Galego de Procuradores, á Xunta de Galicia, ó CXPX e ó Ministerio de Xustiza.* Con esta moción o grupo socialista da Deputación de Ourense, pretende evitar na nosa provincia unha dobre discriminación, por razóns económicas, e por razóns territoriais, e gustaríalles que o goberno provincial do Partido Popular o dixese igual de alto e claro, e non quedasen calados a resultados do que se está a cociñar como manifestou o Sr. Álvarez Dobaño na última comisión informativa da semana pasada, non vaia ser que a receita non saia ó gusto dos comensais e sexa demasiado tarde para poñerlle remedio. A xustiza emana do pobo como se proclama na Constitución no artigo 117, pero os que teñen encomendada a tarefa de gobernar no noso país, queren privarlle á cidadanía ó seu acceso, poñendo cantas trabas e obstáculos encontran ó seu alcance, facéndoa afastada, cara, suntuosa, minguando un dereito fundamental básico recoñecido na Constitución: o dereito á tutela xudicial efectiva do artigo 24. Coa reforma que se pretende, un cidadán ou unha cidadá dunha vila da nosa provincia, para solicita-lo exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, é dicir, intentar que se lle dea resposta a un problema da súa vida cotiá, primeiro terá que buscar a un profesional que o defenda e o asesore, que xa non vai vivir na súa mesma cidade, pois tanto avogados e avogadas como procuradores e procuradoras terán pechados os seus despachos nesa vila. Estarán a moitos quilómetros do seu domicilio e terá que viaxar ata O Barco ou ben ata Ourense, as dúas únicas localidades onde quedarán sedes xudiciais. O quizás non, se os profesionais da xustiza nos botamos á rúa e formamos parte dos mercados de postos e montámo-los nosos bufetes cal feirante de feira en feira, xusto ó carón das polbeiras. Non parece moi serio todo isto, na nosa Galicia as distancias non se miden en quilómetros. Hai criterios demográficos, de dispersión poboacional, socioeconómicos, que fan que a supresión

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

dos distritos xudiciais actuais, e polo tanto os xulgados, sexa un grave erro político que repercutirá moi negativamente nos cidadáns. Un país, como se dun ecosistema se tratase, é un sistema moi complexo, no que mínimas perturbacións de calquera variable poden altera-lo equilibrio fundamental. Esta realidade deberíana coñecer aquelas persoas con responsabilidades institucionais, non significa practica-lo inmovilismo, pero si a prudencia e un estudo previo de calquera iniciativa de cambio. As reformas que sexan precisas acometer, deberán ser sometidas a un minucioso estudo e medi-las posibles consecuencias da súa aplicación. O Grupo Socialista da Deputación teno claro, se o Partido Popular apoia os criterios do Consello Xeral do Poder Xudicial, perderase o sentido da xustiza como un dereito e como un servizo público. Dende que os señores do Partido Popular están a gobernar neste país, os dereitos xa non se exercen, cómpranse. Están hoxe sentados aquí diversos alcaldes do Partido Popular que a bo seguro estarán a bota-las súas contas de cómo lles vai afectar ás súas vilas o peche dos xulgados no seu ámbito territorial. Gustaríalle escoitalos se o Sr. presidente lles cede a palabra, e alúdeos persoalmente: pregúntalle ó Sr. Marnotes Fernández, alcalde do Carballiño, cómo valora a posible desaparición do partido xudicial do Carballiño, de nada menos que dous xulgados: o mixto de 1ª Instancia e Instrución n.º 1 e 2. O Sr. Mouriño Villar, alcalde de Celanova, asinou un acordo hai uns días, xunto con tódalas forzas políticas do seu concello, espera que ratifique hoxe aquí o documento que lle mostra. Pregúntalle ó Sr. Pérez Rodríguez, alcalde de Xinzo de Limia, se calculou os danos colaterais que habería na súa zona se desaparece o distrito xudicial de Xinzo de Limia. Pregúntase se non cren que deste modo as vilas que gobernan van perde-lo poder de negocio que se xera en torno á actividade xudicial. Non parece moi lóxico que se fale moitas veces de intentar fixar poboación no rural con estas medidas, xusto estase a propicia-lo contrario, a xente vai marchar dos pobos. Chámalle a atención unha recente publicación nun diario local de data 19 de maio, onde se fan unha foto os voceiros populares de diversos municipios ourensáns co Sr. presidente da Deputación á cabeza, onde se lles pide *"que pongan especial atención en las necesidades de los vecinos y de sus respectivos municipios. Si el Partido Popular de Ourense tiene una señal de identidad, esa es la de la cercanía con la gente"*. Dille ó Sr. presidente que parece unha broma, na foto quedou moi vistosa a frase pero é xusto o contrario o que están a levar á práctica, cada vez mais lonxe da xente con tantos recortes de dereitos e en servizos públicos esenciais para o cidadán. Ó mellor contaxiounos o Ministro de Xustiza, o Sr. Gallardón, quen cre que España se compón de Madrid a capital e

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

arredores as provincias, que se lle antollan moi afastadas. Os señores do PP poderían explicarlles ó Sr. ministro os perigos que encerra esta reforma con criterios exclusivamente economicistas e pouco rigorosos. Pensa que agora lle van dicir que non é o criterio do goberno, pero iso xa lles soa ós españois e ás españolas: fago xusto o contrario do que digo. Xa o dixo o Partido Popular: non imos subí-los impostos, é malo para a creación de emprego e para o crecemento económico e como non é bo subí-los impostos, soben as taxas xudiciais. Isto é o que o Goberno de España aprobou o día 30 de maio e se anunciou a través do seu ministro de Xustiza, o Sr. Ruíz-Gallardón é quen de estende-lo pagamento das taxas xudiciais a tódalas persoas físicas, cando o sistema de taxas xudiciais, aínda vixente, ten un alcance limitado, ó incidir exclusivamente sobre as entidades mercantís cuxo importe neto de cifra de negocios sexa superior a 8 millóns de euros. Os grandes consumidores deste servizo (bancos, empresas aseguradoras, grandes distribuidoras) son os que maior aproveitamento económico obteñen da existencia dun sistema xudicial eficiente e seguro, e os que por ende, fan unha utilización masiva e constante deste, ós que esencialmente vai dirixida a taxa hoxe en día. Tamén se introduciría, coa reforma pretendida, a obriga de paga-las taxas xudiciais polos traballadores e polas traballadoras que deban promover recursos contra sentenzas ditadas polos xulgados do social. Con este sistema o Partido Popular pretende establecer un sistema real de acceso á xustiza só para persoas cun alto nivel adquisitivo, privando a aqueles que non dispoñan dunha capacidade económica desafogada. Esta excesiva e abusiva inhibición de acudir á xustiza, fará que se produza unha zona de exclusión social na que quede atrapada unha parte da poboación. Pensa que se non foi capaz de convencer ós señores deputados do Partido Popular, ó mellor tería que facelo doutro xeito: saíndo á rúa como o fixo unha muller anglosaxona no século XI, de nome Lady Godyva. Esta dama pregoulle ó seu marido, o Conde de Chester, que reducira os impostos que atordaban ós habitantes de Coventry. O conde accedeu pero coa condición de que a súa muller atravesase sen roupa as rúas da súa cidade, cousa que fixo montada no seu cabalo. Por iso deixa aquí esta reflexión, a ver se hai que saír espidos á rúa para solicitar xustiza.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG,** di que no caso dos partidos xudiciais non estamos falando exclusivamente da administración territorial da xustiza, estamos falando da propia organización territorial do país. E ese sistema de división e organización do territorio resulta tan fundamental que, dependendo do seu deseño, é o que posibilita ou

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

imposibilita a correcta administración e o seu desenvolvemento. Polo tanto hai que ter coidado porque a división dos partidos xudiciais vai moito máis alá dun simple xeito de organización da administración da xustiza, o mesmo que, por exemplo, o deseño do mapa escolar ou universitario excede con moito o ámbito exclusivamente educativo. Isto é así porque a organización territorial de Galicia se foi adaptando nestes dous últimos séculos ó modelo establecido no século XIX. O camiño estivo cheo de dificultades, e tivo como principal vítima a parroquia rural galega, aquela da que Castela pensaba que era unha das máis punxentes características da nosa terra, e que de ningunha maneira se debe prescindir da súa existencia, e disto aínda non hai nin oitenta anos. Agora preséntase un novo proxecto de mapa da administración xudicial, e di que, de levarse a cabo o que se propón, causaríase un terremoto na organización do territorio semellante ó que se produciu trala instauración do modelo do Estado Liberal, en 1836, pasaron nada menos que 170 anos, que significou, fundamentalmente, o paso da Galicia das parroquias á Galicia dos concellos e das vilas. Pregúntase se agora queremos pasar á Galicia das cidades e deixar morre-las vilas e se é así hai que apoiar entón a reforma do mapa xudicial que propón o Consello Xeral do Poder Xudicial. Pola contra, se queremos unha Galicia traballada e equilibrada no seu desenvolvemento entre cidade e campo, entre costa e interior, non se pode aceptar esta reforma. O BNG e el mesmo, que o representa orgullosamente, unicamente se ten posicionado formalmente pola transferencia desa competencia á Xunta de Galiza, xa que é incongruente que nun estado descentralizado, onde as comunidades autónomas poñen medios a disposición da Administración de Xustiza, a creación, modificación ou supresión de partidos xudiciais e xulgados, dependa do Ministerio de Xustiza e do Consello Xeral do Poder Xudicial. O novo deseño da planta xudicial é necesario, pois procede de 1988 e está inspirado na demarcación franquista. Pero a agrupación de partidos xudiciais como se propón pode provocar un afastamento do servizo dos cidadáns e das cidadás, con maiores desprazamentos ós xulgados, sobre todo en vilas e cabeceiras de comarca. Este estudo está feito exclusivamente desde a perspectiva da contención do gasto, e tamén certo corporativismo para eliminar xulgados en localidades menores, mais debería compatibilizarse co necesario mantemento do servizo público próximo ós cidadáns e ás cidadás, polo que ten moito que mellorar. No que atinxe ó anteprojecto de reforma das taxas xudiciais, o BNG, a través dunha emenda, instou ó Ministerio de Xustiza para a súa retirada, toda vez que obriga a tódolos cidadáns a pagar taxas xudiciais, para poder exercer-lo seu dereito á tutela xudicial

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

efectiva e acudir ós xulgados e tribunais. As taxas xudiciais universais vulneran o principio constitucional de igualdade, xa que a tutela xudicial polos cidadáns queda condicionada á condición económica ou posición social das persoas. Por iso entenden que a Deputación Provincial debe posicionarse a favor do acceso de tódolos veciños e veciñas á xustiza, e rexeitar esta proposta do Ministerio, xa que as taxas xudiciais universais vulneran o principio constitucional de igualdade, e a tutela xudicial polos cidadáns queda condicionada á condición económica ou posición social das persoas. O BNG está radicalmente en contra por canto se volve facer desde instancias centrais, e non lles ceden a iniciativa ás comunidades autónomas. Ademais, empréganse os mesmos criterios para todo o Estado, sen ter en conta a realidade específica de Galicia, en canto ó asentamento poboacional, a dispersión dos núcleos de poboación e o seu envellecemento respecto doutras zonas do Estado. De aí que cobre máis sentido que sexa cada comunidade autónoma a que propoña o seu mapa xudicial, adaptado á súa propia realidade. Entón, rexeitemos con tódalas forzas estas propostas e poñámonos de contado a traballar no deseño do mapa da Galicia que queremos. Porque só depende de nós e salvo toxos e silvas, as cousas nunca veñen dadas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que a Sra. Vázquez Blanco xa determinou que a planta xudicial desta provincia sería Ourense e O Barco. Citou a varios alcaldes de cabeceiras de comarcas, pero non só son eles os que están preocupados, porque el tamén o está aínda que o xulgado non estea no seu concello, que está en Bande. O Consello Xeral do Poder Xudicial ven de elaborar un documento de inicio para establecer unhas bases para unha nova demarcación xudicial por unha comisión de maxistrados. Trátase dunha proposta, dun documento provisional de traballo que será obxecto de análise e estudo e que irá recibindo achegas e suxestións (por exemplo as da oposición). É, polo tanto, un documento perfectible e mellorable. O Consello Xeral do Poder Xudicial deulles traslado deste informe ós tribunais superiores de xustiza e ós colexios profesionais, para que formulen alegacións, emendas e suxestións. Unha vez rematado este prazo, o documento final, coas adicións e propostas incorporadas, será remitido ó Ministerio de Xustiza, que é quen ten competencias de face-la proposta correspondente e non o Consello Xeral do Poder Xudicial. Está claro que calquera proposta necesita a participación das comunidades autónomas, que teñen moito que dicir, e que son as que soportan os medios materiais para que a xustiza funcione na comunidade. A flexibilidade na aplicación das bases debe pondera-las circunstancias e

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

singularidades de cada zona, e máis na nosa terra, sen discuti-la necesidade dunha reforma. O ministro de Xustiza comprometeuse, recentemente, a ter en conta ás comunidades autónomas, e así o expresou logo da conferencia sectorial de xustiza que vén de ter lugar. A proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial é importante, xa que ven do órgano de goberno da xudicatura, pero non é a do Ministerio de Xustiza e polo tanto non é a do goberno. Todo isto aínda está nun estado inicial, o proceso será longo e irá precedido dun informe que elaborará un grupo de expertos designados polo Ministerio. En canto ás taxas xudiciais, hai que partir da consideración de que as taxas xudiciais xa existían para as persoas xurídicas, e polo tanto agora o único que se vai facer é aplicarllas tamén ás persoas físicas. As novas taxas xudiciais contribuirán a diminuí-la litioxidade e financiarán o servizo de asistencia xurídica gratuíta, cuxa demanda aumenta día a día. Os custos económicos dos pagos a avogados incrementáronse na nosa comunidade, desde o ano 2008, en máis dun 11%. Con estas novas taxas o goberno recadará 300 millóns de euros ó ano, que se destinarán única e exclusivamente a financia-la asistencia xurídica gratuíta. Estas taxas unicamente se lles aplicarán ós que teñan máis recursos e nomeadamente en segunda instancia, para evitar abusos. En ningún caso se lles aplicarán ás persoas beneficiarias de xustiza gratuíta. Este sistema de taxas só lles será de aplicación ás persoas que teñan recursos económicos e que lles vai supoñer un 11% do custo total nun xuízo verbal e un 6,3% nun xuízo ordinario de 100.000 euros de contía ou un 0,4\$ nun concurso de acredores, polo que non é sostible a acusación de que será un sistema disuasorio. Repite que o que se fará con estes recursos será dedicalos á xustiza gratuíta, cun principio básico: os que máis teñen achéganlles ós que non teñen, principio este defendido polos socialistas, pero só cando gobernan, e agora que goberna o PP críticoano. En todo caso, quere salientar que o goberno do Estado e o das comunidades autónomas dialogarán para lograr que a implementación desta medida sexa froito dunha xestión coordinada e conxunta. En definitiva, aínda non hai nada novo, polo que o seu grupo votará en contra da moción, porque é extemporánea e desacertada.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista,** á vista de todos queda claro que hai diversos criterios dentro do Grupo Popular, segundo sexa o lugar onde toque falar. Nomeou antes a diferentes alcaldes, non porque lles teña teima, senón porque nas vilas onde gobernan é onde están os distritos xudiciais que van desaparecer. Isto non o di o Grupo Socialista que o di o Grupo Popular nunha moción que presentou no Senado. Con esta reforma de taxas e distritos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

xudiciais, os colexios profesionais da provincia (Colexio de Avogados de Ourense e o Colexio de Procuradores de Ourense) tamén se manifestaron en contra destas medidas inxustas e abusivas. Así consta nun informe publicado na web do Colexio de Avogados, e noutro do Sr. Garrido do Colexio de Procuradores cualifícase de escandalosa a subida de taxas, que anticipan unha xustiza de ricos e outra de pobres e isto non o está a inventa-lo Partido Socialista. En datas recentes, e tamén no mesmo sentido, manifestouse o xuíz decano de Ourense, que está totalmente en contra destas taxas xudiciais. No se pode defender que as persoas sen recursos son as que se van beneficiar, porque a xustiza gratuíta xa existe ó día de hoxe. En relación co que dixo o Sr. Álvarez Dobaño de que con esta medida se ían evitar abusos, pregúntase qué clase de abusos, ou se se considera un abuso reclamar dereitos. Con isto váiselles privar ós cidadáns o poder acudir á vía xudicial para tratar de arranxar conflitos e que os van ter que arranxar pola conta dun. Non quere nin imaxina-lo que se pode provocar con isto. O Sr. alcalde de Celanova di unha cousa non seu concello e agora di outra. Para finalizar di que con isto quérese mellora-la xustiza cometendo unha inxustiza.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, manteñen a idea de que isto tería que ser competencia das comunidades autónomas. Pensa que se só é unha proposta de maxistrados o Sr. portavoz do Grupo Popular non tería que estar preocupado como dixo que o estaba. Non entende a postura do seu alcalde (Celanova), xa que alí tivo unha postura radicalmente en contra e aquí ten outra, cousa que terá que explicar. Acaba de recibir un escrito do presidente do Colexio de Avogados onde se di que a nova lei vai supor, entre outras restricións, a irrecurribilidade ante a Audiencia Provincial das sentenzas ditadas polos xulgados de primeira instancia en xuízos verbais (os de contía inferior a 6.000 euros), malia que segundo, por exemplo, os datos oficiais que atinxen ó ano 2009 o 37% deste tipo de recursos foron total ou parcialmente estimados. Sen dereito á apelación este número nada desdeñable de sentenzas pasarán a ser inxustamente firmes. Os datos oficiais tamén demostran que as audiencias provinciais son órganos que non están particularmente colapsados senón máis ben o contrario, nos últimos exercicios resolveron máis asuntos dos que entraron, sen dúbida grazas ó labor dos bos profesionais do dereito que hai neste país. Xa que logo, descargalas de traballo, como se supón é o obxectivo da reforma, non é unha prioridade que xustifique tan grande limitación ós dereitos fundamentais. Non se resolve, polo tanto, o elevado número de asuntos pendentes que existen nos xulgados do Mercantil ou nos propios xulgados de Primeira Instancia ou Instrución,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

ou nos xulgados de Menores. Asemade, renunciar ó recurso de apelación neste tipo de sentenzas leva implícita outra consecuencia negativa, boa parte da cidadanía non será xulgada por xuíces de carreira senón por substitutos, interinos ou xuíces en primeiro destino ás veces con pouca ou nula experiencia, pois son os que en boa medida conforman os xulgados de primeira instancia nos partidos xudiciais de fóra das capitais de provincia. Non podería rematar esta breve reflexión, malia ser moitas máis as medidas que merecerían ser denunciadas, sen facer referencia á introdución do criterio do vencemento obxectivo en materia de custas na primeira instancia contencioso-administrativa, é dicir, en linguaxe clara, quen perde, paga. A incorporación deste criterio pretende –seguramente con éxito– desincentivar ó cidadán do común de demandarlle á Administración Pública (Xunta, concellos, deputacións, goberno do Estado...) pois se a sentenza é contraria pagará el só os gastos dos avogados, procuradores, etcétera, da administración denunciada, mais se gaña será toda a sociedade a que correrá cos custos do proceso. En non poucas ocasións producírase a seguinte situación: un particular presenta unha solicitude ou reclamación, por exemplo, ante o seu concello e tras meses e meses de esperar inutilmente unha resposta e que o concello cumpra coa súa obriga legal de emitir unha resolución, verase na tesitura de ter que presentar unha demanda ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, co risco –a partir da vixencia da reforma– de que, calquera que sexa o motivo (fundado ou non, acertado ou non) polo que non se lle dá a razón, teña que pagar los gastos procesuais do concello incumpridor, e sen posibilidade de recorrer tal decisión. En suma, a administración incumpre e o cidadán paga. Folga dicir que estes órganos xudiciais tampouco son nin os máis lentos nin colapsados da nosa estrutura xurisdiccional. Moitas son as voces de colectivos sociais e profesionais de xuíces e maxistrados, de avogados e procuradores que protestan contra esta reforma que, sen vantaxe ningunha, afonda nas desigualdades sociais establecendo unha xustiza con tódalas garantías (dobre instancia e tribunais con pouca carga de traballo) para os preitos das persoas con capacidade económica e outra xustiza de peor condición e menos garantías con xulgados colapsados, en moitos casos sen xuíces de carreira ou con escasa experiencia, sen posibilidade de recurso para a maioría dos cidadáns. Para concluír pide que se pense con seriedade a medida que vai aproba-lo Partido Popular, porque desde a reforma anterior ó día de hoxe pasaron, aproximadamente, 176 anos., se agora se fai outra sería moi lesiva para o noso país e un dano irreparable e pasarían outros dous séculos.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que el se preocupa por todo o que lle afecta ó seu concello e o dixo nese sentido. En todo caso é unha proposta aberta e todos poden facer achegas. Adianta que os alcaldes da Baixa Limia van facer achegas, igual que as pode facer calquera. Sorpréndelle que se citen escritos de colexios profesionais, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou dunha comisión do Consello, que non é o mesmo, e logo apliquen as súas conclusións segundo lles vai. O que din sobre as taxas vailles ben, pero o que din sobre a demarcación de planta xa non lles vai ben. O que di o Grupo Popular é que os que máis teñen acheguen para os que non teñen, para potencia-la xustiza gratuíta. O Consello de Ministros do 24 de abril de 2009 (gobierno socialista) constituíu unha comisión de expertos para remodela-lo mapa xudicial. O Pleno da Cámara do Congreso dos Deputados, na súa sesión do 2 de decembro de 2010 (tamén gobierno socialista), aproba a seguinte resolución: *“El Congreso de los Diputado insta al Consejo General del Poder Judicial a colaborar con el Gobierno en la reforma de la Ley de Demarcación y Planta Judicial mediante la elaboración de los oportunos informes”*. O informe é de catro vogais do Consello do Poder Xudicial, entre eles tres a proposta do Partido Socialista (entres os que estaba dona Margarita Robles Fernández) e un a proposta do Partido Popular. O Consello de Ministros do 2 de marzo de 2012 (Partido Popular) aprobou a creación dunha comisión institucional que habería de presentarlle ó Ministerio de Xustiza un informe sobre como debería configurarse unha nova Lei de demarcación e planta. Hai outros informes, como o da Asociación Profesional da Maxistratura, do editor do diario La Ley ou incluso do Consello Xeral do Poder Xudicial, e ningún deles expresa o criterio do governo do Estado español. O criterio do governo será o que plasmará a comisión antes citada por acordo do Consello de Ministros, así o vén repetindo o ministro de Xustiza. En todo caso, o Partido Popular quere que antes de tomar calquera decisión, se lles consulte ás comunidades autónomas, e o Senado é a cámara de representación territorial. Na moción que mencionou a Sra. Vázquez Blanco que presentou o PP no Senado, pedíase o seguinte: *“El Senado insta al Gobierno de la Nación a presentar a las Cortes Generales un proyecto de ley que reforme de manera integral la actual Ley de Demarcación y Planta Judicial, adecuando, en consonancia con las comunidades autónomas, la distribución de los juzgados y tribunales a las necesidades de la población y la realidad de cada región”*. O PSOE votou en contra deste acordo e no seu recente programa electoral o PSOE di o seguinte: *“Promoveremos unha reforma de planta judicial en consecuencia con las necesidades actuales de la sociedad española, desarrollando*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

*las directrices señaladas por la comisión nombrada al efecto en el año 2009*". Quen creou a comisión de expertos foi o Partido Socialista. O dito informe elaborouno a mencionada comisión, e non o Consello Xeral do Poder Xudicial.

**D.<sup>a</sup> Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista**, pide un pouco de respecto, pois estáselles a chamar ignorantes, desinformados e inexpertos. Pensa que este sería un bo momento para que se uniran tódalas forzas.

Prodúcese unha interrupción e o Sr. presidente pide respecto mentres estea a fala-la señora deputada.

Continúa a Sra. Vázquez Blanco dicindo que o grupo de goberno está perdendo unha boa ocasión para realizar un feito histórico ante a cidadanía e unirse para apostar pola provincia. O Partido Socialista si quere unha reforma na planta xudicial, pero non deste xeito. Haberá que contar con tódolos axentes sociais e xurídicos, comunidades autónomas, asembleas lexislativas, concellos e tamén esta Deputación. Parécelle dun exercicio de cinismo absoluto e moi preocupante que se teñan distintas opinións segundo onde sexa. O que falou o portavoz do Grupo Popular con referencia á xustiza gratuíta non é así, xa que ela, polo seu traballo, sabe ben como funciona. Reitera que o Grupo Popular está perdendo unha boa oportunidade para defende-la nosa provincia.

O **Sr. presidente** prega que se desenvolva a sesión con total cortesía e di que a única persoa que nomeou as palabras ignorantes, desinformados e inexpertos foi a Sra. Vázquez Blanco. Interpreta que cando a deputada dixo "un exercicio de cinismo" non lle estaba chamando cínico a ninguén.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), non se adopta o acordo proposto na moción.

### **8º.- BAIXA NA FUNDACIÓN LABORAL ORELCO.-**

O Sr. secretario dá lectura o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e co voto favorable dos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

deputados do Grupo Popular (15) e dos deputados do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Ordena-la separación da Deputación Provincial de Ourense da Fundación Laboral Orelco, con efectos do 1 de decembro de 2012.

2º.- Comunicarlle este acordo ó presidente da Xunta de Goberno da Fundación, solicitándolle que se inicie a tramitación que sexa necesaria para levar a efecto a separación.

3º.- Comunicarlles tamén este acordo ós empregados públicos interesados.

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA QUE O CENTRO CULTURAL DA DEPUTACIÓN PASE A DENOMINARSE CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Mouriño Villar, para que defenda o contido da moción.

**D. Antonio Mouriño Villar, do Grupo Popular**, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O mes de maio, e sinaladamente as datas achegadas ó Día das Letras Galegas, é, sen dúbida, a época do ano máis acaída para lembrar e manter viva a defensa dos valores identitarios da lingua e da cultura galegas. Unha terra como a nosa, que atesoura a singularidade dunha fala, dunha cultura, dunha historia e dunhas tradicións seculares, ten a obriga de seguir mantendo acesa esa chama do noso ámbito cultural propio, para que o respecto pola nosa cultura estea sempre presente nas nosas vidas. E Ourense, a súa provincia e as súas xentes, teñen un referente indiscutible como foi a Xeración Nós, e moitos outros movementos sociais e culturais aos que se sumaron persoeiros de tódolos ámbitos sociais, políticos e culturais para engrandecer á que foi dada en chamar a "Atenas de Galicia", acollida no sentimento senlleiro e singular da OURENSANÍA. Precisamente, logo vai facer un ano desde a instauración dos "Premios da Ourensanía", un recoñecemento que distingue anualmente ás persoas ou colectivos que destacan pola súa defensa dos valores desta terra nos diferentes ámbitos da vida económica, social, empresarial e cultural. E foi, precisamente, neste Centro Cultural da Deputación de Ourense onde se celebrou a primeira gala de entrega destes premios, un Centro Cultural que vén de cumprir dez anos de existencia, e que é un espazo expositivo para artistas noveles e consagrados e un punto de encontro para o debate social e cultural, recoñecido como un referente cultural en Ourense, en Galicia e no resto de España. Este entorno, que mestura como ningún outro sitio, cultura e sociedade merece, pola súa*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

*traxectoria, pola súa calidade e pola súa importancia levar o nome dun persoeiro de gran traxectoria, de contrastada calidade –humana e profesional- e de gran importancia polos seus saberes, como foi o historiador e escritor Marcos Valcárcel. Marcos Valcárcel naceu en Ourense, traballou en Ourense, investigou en Ourense e compartiu a súa sapiencia cos ourensáns, nesa permanente bonhomía que era a súa traza de identidade. Pero, sobre todo, Marcos Valcárcel amaba Ourense. Historiador, doutor en Xeografía e Historia, e catedrático de Lingua e Literatura Galega, a lembranza e o nome deste insigne persoeiro merecen seguir aceso na terra da OURENSANÍA. Por elo, que o Centro Cultural da Deputación de Ourense leve o seu nome debe ser unha mostra de gratitude da sociedade ourensá para quen deu tanto amor en forma de intelectualidade á súa terra. Polo exposto a comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes que ditaminou favorablemente a adopción por parte do Pleno do seguinte acordo: darlle o nome de MARCOS VALCÁRCEL ó Centro Cultural da Deputación de Ourense, que pasará a denominarse “CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL”.*

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, anuncia o voto a favor do seu grupo. Ratifican as palabras do portavoz do Grupo Socialista na comisión informativa e cuestionan a pouca elegancia da Presidencia nesta cuestión, por non tela abordado na Xunta de Portavoces previamente á presentación. É curioso que a presentación se faga de forma institucional e ó día seguinte veña enlatada en forma de proposta do Partido Popular.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pensa que non se pode mestura-lo Partido Popular con esta institución, e moitas veces é un erro no que o grupo de goberno cae moi a miúdo. Sen desvirtua-lo debate, comparten plenamente a moción, pero pensa que non lles custaría nada ter falado cos grupos da oposición. O persoeiro merece o voto favorable e están de acordo con tódalas iniciativas que se leven ó seu favor. Pídelle ó Sr. presidente que lle deixe facer unha achega, xa que de Marcos Valcárcel tamén compre destaca-lo seu *blog* “*Uvas na Solaina*”, e se a súa familia está de acordo, pide que a Deputación Provincial de Ourense publique en papel *Uvas na Solaina* como unha homenaxe para Marcos.

**D. Antonio Mouriño Villar, do Grupo Popular**, xa na comisión informativa manifestou que a oposición non pode coarta-la liberdade do Grupo Popular para presentar ningún tipo de moción. Agradece o voto favorable dos grupos, aínda que o Grupo Popular

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

tamén ten votado favorablemente as propostas da oposición en relación con outros persoeiros. Pensa que falar de lexitimidade e de elegancia sobra nesta Pleno. Dispón de tres folios para destacar moitas máis cousas de Marcos Valcárcel e está de acordo coa proposta que fixo o portavoz socialista. Pensa que o Sr. presidente intentará levar a cabo, co acordo da familia de Marcos Valcárcel, esa publicación.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, reitera que a presentación non se pode facer de xeito institucional e despois facer unha proposta de partido, as cousas non son así e esa é a falta de elegancia á que se referiu. Di que o Partido Popular pode presenta-las mocións que queira e pensa que tres folios para destacar a Marcos Valcárcel son moi pouquiños. Aquí non entra a cuestión de quen é Marcos Valcárcel, senón que entra a cuestión o proceder do Partido Popular. Espera que en vindeiras ocasións se lles informe, porque para algo debe servir a Xunta de Portavoces, non para perde-lo tempo. Reitera o voto favorable do seu grupo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que o deputado popular merecía un tirón de orellas e por respecto á familia de Marcos Valcárcel non vai ser todo o contundente que debería. Subscribe as palabras do deputado do BNG porque con este tema non se actuou ben, xa que debería ter sido unha declaración conxunta, como se fixo sempre. Reitera o voto favorable.

**D. Antonio Mouriño Villar, do Grupo Popular**, manifesta que para facer unha declaración conxunta hai que solicitala, senón mal se pode facer. Agradece o voto favorable dos grupos da oposición.

O **Sr. presidente** quere aclararlle ó Sr. Rodríguez Puga que a Xunta de Portavoces foi o día 14, o día 15 falouse coa viúva de Marcos Valcárcel (M.<sup>a</sup> Xosé Picouto) e o día 16 foi cando se rexistrou a iniciativa política. Pensa que exemplo de elegancia nun goberno bipartito foi cando O Sr. Quintana (vicepresidente da Igualdade e do Benestar), no propio Centro Cultural e aproveitando que estaba o presidente da Xunta (o Sr. Touriño) en Sudamérica anunciou o inicio do expediente do BIC das Burgas. Marcos Valcárcel merece a unanimidade e agradece o posicionamento da oposición. O das Uvas na Solaina tamén se fixo público e mencionouse ese gran labor a nivel da rede de redes na presentación da iniciativa xunto coa súa viúva. O portavoz socialista agora fai un rogo –non tivo a elegancia de facelo chegar antes- que é aceptado automaticamente e será oportunamente publicado por esta Deputación Provincial.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Popular, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Darlle o nome de MARCOS VALCÁRCEL ó Centro Cultural da Deputación de Ourense, que pasará a denominarse “CENTRO CULTURAL MARCOS VALCÁRCEL”.

**10º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PREZOS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, anuncia a abstención do seu grupo, puntualizando que a suba que se propón parece fóra de lugar, agás cuestións puntuais, xa que é en torno ó 20% e ademais o BNG xa se posicionou no pasado Pleno de marzo no sentido de que o plan de axuste ía levar consigo un aumento da fiscalidade e tamén mantiveron a mesma posición.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia tamén a abstención do seu grupo. E deixando á marxe a moción do punto anterior, di que hoxe está un pouco perplexo e nota certo nerviosismo no grupo de goberno. Estánselle recriminando cousas ó Grupo Socialista que non veñen a conto. Pensa que o Sr. presidente non vai conseguir nada con este ton e debería tomar exemplo do anterior presidente, que era máis nobre. Non quería entrar nesta polémica, pero a intervención do Sr. presidente, lonxe de calmar aínda quentou máis. Para non facer demagogia, xa que poderían votar en contra e dicir que o grupo de goberno ía subírle-las taxas ós usuarios, non o vai facer. Nas comisións preguntou se esta modificación ía recollida no plan de axuste desta casa, e contestóuselle que si, que era unha das cousas que ían no dito plan, unha suba de taxas para recadar fondos. Pensa que iso se podería discutir, porque hai máis sitios onde recortar, e non subir unhas taxas que ó final son unha cousa ridícula. O Partido Socialista sempre di que o nivel de autofinanciamento das taxas ten que se-lo máis adecuado. Pide que lle acepten un consello, xa que segundo a información da que dispón, ó mellor hai que controla-lo control de acceso ó Paco Paz, porque de pouco vale

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

que se suban estas taxas se despois alí entra todo o mundo de balde. Pide que se reflexione isto e que se lles pregunte ós xefes do servizo e á xente que está na rúa.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, pensa que o Sr. presidente tomará boa nota desta acusación, porque él é o primeiro sorprendido e espera que o Sr. Gómez Pérez estea equivocado, porque sería o mellor para todos e para a propia institución. Esta modificación é unha consecuencia máis do plan de axuste elaborado pola Sra. interventora e que fixo seu o equipo de goberno, e traza unhas liñas mestras que van pola contención do gasto e o incremento de ingresos onde sexa posible. Neste mesmo foro, criticouse ó grupo de goberno dicindo que o colectivo dos ximnacios da cidade estaban molestos porque as taxas eran inferiores ós prezos que eles aplicaban.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, reitera a súa postura de que as taxas teñen que chegar ó seu nivel de financiamento, pero o que está claro é que unha cousa son os servizos públicos e outra os servizos privados e evidentemente un ximnasio privado vai custar máis que un público. Di que el (falando no seu propio nome) xa as paga doutra maneira.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas da Deputación provincial de Ourense, quedando a dita ordenanza redactada do seguinte xeito:

**Artigo 1º.-** De conformidade co previsto na vixente lexislación reguladora das facendas locais, esta Deputación establece o prezo público pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas dependentes ou xestionadas pola Deputación.

**Artigo 2º.-** Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, tódalas persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades sen personalidade xurídica a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan beneficiarias dos servizos ou da

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” e noutras instalacións deportivas da Deputación.

**Artigo 3º.-** A obrigação de pagamento do prezo público regulado nesta Ordenanza nace desde que se accede á prestación do servizo ou á realización da actividade de que se trate.

**Artigo 4º.-** Cando por causas non imputables ó obrigado ó pagamento do prezo non poida prestarse o servizo ou realiza-la actividade, procederá a devolución do importe correspondente.

Non obstante o anterior, no suposto das tarifas de escolas deportivas e actividades físicas para adultos non haberá lugar á devolución cando, con carácter excepcional, e debido a causas de forza maior ou á programación de actividades de interese público, os servizos non estean dispoñibles nun máximo de dous días ó mes. Nos supostos de falla de dispoñibilidade de servizos nos que non se dean todas e cada unha das circunstancias indicadas, haberá lugar á devolución, que terá carácter proporcional ó tempo no que os servizos non estivesen dispoñibles e se levará a cabo de oficio, mediante redución da cota seguinte ou directamente ó interesado, mediante entrega persoal ou transferencia na súa conta bancaria, segundo cal sexa a modalidade de pagamento empregada polo usuario.

**Artigo 5º.-** A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal ou das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico, previa solicitude dos interesados, cando concorran conxuntamente as seguintes circunstancias:

a) Que a actividade para a que se van utiliza-las instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportar un beneficio económico ó solicitante.

b) Que a entidade solicitante acredite insuficiencia de medios económicos para o pagamento das tarifas, así como a imposibilidade ou grave inconveniencia de repercutir o seu custe nos usuarios da actividade de que se trate.

As entidades interesadas deberán acreditar documentalmente a concorrencia das circunstancias sinaladas.

A Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función do grao de insuficiencia de medios económicos acreditado polo solicitante, sen que, en ningún caso, a bonificación poida exceder do 90 % da tarifa establecida.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**Artigo 6º.-** Poderá esixirse ós usuarios do pavillón auxiliar, pavillón principal e instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico a constitución dun depósito ou garantía para responder dos posibles danos ou estragos no uso das instalacións, sendo este devolto ó comprobarse que non se causase dano ningún. En todo caso, establécese unha fianza para clubs, con reserva de instalación por temporada deportiva, de 60 euros, que lles será devolta ó finaliza-la temporada.

**Artigo 7º.-** A cobranza das tarifas reguladas nesta Ordenanza efectuarase, segundo os casos, na Tesourería da Deputación provincial, trala formalización do oportuno mandamento de ingreso pola Intervención, mediante transferencia ou ingreso bancaria, ou nas oficinas do Pazo dos Deportes, contra a entrega do correspondente recibo.

**Artigo 8º.-** As cantidades cobradas no Pazo dos Deportes ingresaranse na tesourería provincial, con relación de beneficiarios das instalacións ou actividades, e de acordo coas instrucións da Tesourería para o efecto.

**Artigo 9º.-** A liquidación dos prezos públicos pola aplicación da presente Ordenanza farase de conformidade coas seguintes tarifas:

**PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ”**

**Pavillón auxiliar**

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

|                      | Adestramento | Partido Comp. sen<br>“recadación” | Partido comp... con<br>“recadación” |
|----------------------|--------------|-----------------------------------|-------------------------------------|
| 1.1.- Pista completa | 12,00 euros  | 22,00 euros                       | 35,00 euros                         |
| 1.2.- Media pista    | 8,00 euros   | ---                               | ---                                 |

2.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais e recreativas: 200,00 euros por acto e xornada.

3.- Actos, exposicións e actividades alleas ó deporte: 500,00 euros, por acto e xornada.

**Pavillón principal**

1.- Actividades deportivas (por hora ou fracción)

|                      | Adestramento | Partido comp.. sen<br>“recadación” | Partido comp. con<br>“recadación” |
|----------------------|--------------|------------------------------------|-----------------------------------|
| 1.1.- Pista completa | 22,00 euros  | 30,00 euros                        | 54,00 euros                       |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

1.2.- Media pista                      11,00 euros                      22,00 euros

2.- Espectáculos deportivos

Pista completa: 752,00 euros por xornada.

3.- Festivais e actos deportivos organizados por colexios e institucións culturais, deportivas ou recreativas, sen ánimo de lucro : 400,00 euros por acto e xornada.

4.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos ou culturais e en xeral actividades alleas ó deporte, que non teñan carácter profesional: 1.000,00 euros por acto e xornada.

5.- Actos, exposicións, festivais e espectáculos artísticos e actividades alleas ó deporte en xeral, de carácter profesional: 2.000,00 euros por acto e xornada.

**Escolas deportivas.** Aboamento por temporada ou trimestre.

1. Escolas de educación física de base e de diferentes disciplinas: Temporada completa: 71,00 euros. Trimestre: 23,60 euros.

2. Escolas deportivas para adultos: Temporada: 86,10 euros. Trimestre: 28,70 euros.

**Actividades físicas para adultos**

**1. PROGRAMA DE FITNESS**

1.1 Fitness individual : 29,00 euros/mes. Discapacitados , desempregados e xubilados, 20,00 euros/mes. Carné xove: 23,00 euros/mes.

1.2 Fitness mañá: 16,00 euros/mes.(De 7.00 horas a 15.00 horas)

1.3 Fitness (unha xornada): 4,50 euros

1.4 Fitness (quincena): Individual: 16,00 euros.

1.5 Fitness (quincena) mañás : 9,00 euros.

**2. FITNESS PERSOAL**

2.1 Usuarios Matwork-Pilates.: 105,00 euros trimestre (inclúe matrícula)

2.2 Usuarios Fitness Matwork-Pilates: 48,00 euros trimestre.

**3. ZONA AUGAS SPA**

3.1 Usuario Fitness: Unha sesión: 3,50 euros.

3.2 Usuario 1 día: Unha sesión: 4,00 euros máis ticket fitness unha xornada

3.3 Bono plus spa : 99,00 euros, por persoa, que se sumarán á tarifa correspondente do bonofitness anual .(Este bono permite gozar do spa sen límite de accesos, e dentro dos horarios establecidos, durante o tempo que dure o bonofitness, permitindo o seu fraccionamento segundo modalidades e facilidades de pagamento establecidas máis adiante. Este bono inclúe gratuitamente o acceso a piscina do Tecnolóxico en temporada de verán )

**4. FISIOTERAPIA**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

- 4.1 Usuarios Fitness : Tratamento unha hora : 14,50 euros.  
 4.2 Usuarios Fitness : Tratamento media hora : 8,50 euros.  
 4.3 Usuarios 1 día : Tratamento unha hora : 14,50 euros máis ticket fitness unha xornada  
 4.4 Usuarios 1 día: Tratamento media hora : 8,50 euros máis ticket fitness unha xornada  
 4.5 Vendaxe funcional : 3,00 euros

### **5. BONO FITNESS ANUAL**

Co fin de facilitar e garanti-la continuidade nos programas do fitness, establécense as seguintes tarifas bonificadas anuais :

Servizos que inclúe:

- Actividades de fitness (Sala cardiovascular e pesas e clases colectivas)
- Piscina parque tecnolóxico, cun suplemento de 10 euros por temporada, para os usuarios que soliciten o carné correspondente.

|  |              |
|--|--------------|
| 5.1.- Individual.....                                  | 231,00 euros |
| 5.2.- Discapacitado.....                               | 159,00 euros |
| 5.3.- Xubilados (maiores de 65 anos) .....             | 159,00 euros |
| 5.4.- Carné xove.....                                  | 183,00 euros |
| 5.5.- Fitness mañá (De 07:00 horas a 15:00 horas)..... | 126,00 euros |

As tarifas xa se atopan axustadas cuantitativamente os requirimentos do programa informático de xestión de pagamentos na modalidade de tres prazos, sendo divisibles por tres as contías).

**Bonofitness anual familiar:** Co fin de facilitar a práctica do fitness as familias, establécense os seguintes descontos nas condicións que se indican:

- Primeiro membro da unidade familiar : Aboará a cota íntegra correspondente.
- O segundo membro : 30% de desconto sobre a tarifa correspondente.
- O terceiro membro: 40 % de desconto sobre a tarifa correspondente.

Aplicaráselle sempre a tarifa máis alta ó primeiro membro da unidade familiar. Esta redución porcentual non se aplicará cando se trate de tarifas xa bonificadas.

Para os efectos de aplicación desta ordenanza, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e os seus descendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.

As unións de feito que estean inscritas no rexistro correspondente.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Nos casos de separación legal, viuvez ou familia monoparental, a formada polos respectivos titulares de ditas unións familiares ou de convivencia, e se os houbera, os seus descendentes que convivan con eles e estean ó seu cargo.

**Modalidades e facilidades de pagamento:**

- Cota íntegra.....primeiro mes.
- Dúas cotas.....primeiro mes – quinto mes.
- Tres cotas.....primeiro mes – cuarto mes – sétimo mes.

**Renovación de carné por perda ou extravío:** 1 euro.

**INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PARQUE TECNOLÓXICO**

**1.-Piscina: Temporada verán . Do 15 de maio ó 15 de setembro**

- 1.1.- Entrada: 1,70 euros.
- 1.2.- Nenos ata 8 anos gratis.
- 1.3.- Bono piscina (10 entradas): 14,20 euros.
- 1.4.- Bono piscina usuarios fitness (10 entradas): 10,00 euros.
- 1.5.- Bono piscina para usuarios bono fitness anual : 10,00 euros por temporada

**2.-Pista de tenis:** reserva/utilización 3,10 euros/hora - 3,70 euros luz.

**3.-Outros servizos:**

- 3.1.- Raquetas: aluguer 1,30 euros.
- 3.2.-Carro de 30 pelotas tenis: aluguer 1,80 euros.
- 3.3.-Toalla: aluguer 1,30 euros unidade/día.
- 3.4.-Hamaca: aluguer 1,30 euros unidade/día.

**4.- Campos de fútbol:**

|                        | Adestramentos/hora | con luz     | Partidos    | con luz     |
|------------------------|--------------------|-------------|-------------|-------------|
| 4.1.-Campo I (herba)   | 22,50 euros        | 26,40 euros | 45,00 euros | 50,00 euros |
| 4.2.-Campo II (terra)  | 11,30 euros        | 16,90 euros | 28,20 euros | 34,90 euros |
| 4.3.-Medio campo       | 6,80 euros         | 11,30 euros | -----       | -----       |
| 4.4.-Campo III (terra) | 11,30 euros        | 16,90 euros | 28,20 euros | 34,90 euros |
| 4.5.-Medio campo       | 6,80 euros         | 11,30 euros | -----       | -----       |

Unha vez transcorridos 5 minutos da hora reservada sen inicia-la súa utilización, perderase o dereito para a seu uso.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**Artigo 10º.-** Nos supostos de cesión do uso das instalacións, os gastos de persoal de servizos varios (vendedores de billetes, acomodadores, vixiantes, electricistas, persoal de limpeza...) sumarase ás tarifas anteriormente establecidas, se os organizadores demandasen que os traballos se fixeran polo persoal da instalación.

**Artigo 11º.-** Igualmente, incrementaranse as tarifas con tódolos gastos extraordinarios que se ocasionen con motivo da actuación, incluíndo os correspondentes ás horas investidas na preparación do espectáculo, o mesmo que para desmontalo.

**Artigo 12º.-** A Deputación provincial poderá concertar para o desenvolvemento de calquera acto ou programa deportivo, social ou cultural, por un período máximo de doce meses, convenios ou concertos con entidades sen ánimo de lucro e organismos públicos que promovan actividades deportivas, culturais ou de carácter social, para os efectos de que poidan beneficiarse dunha maior axilidade e seguridade no uso das instalacións así como dunha maior operatividade no seu funcionamento.

Os ditos convenios non poderán, en ningún caso, modifica-las tarifas establecidas na presente ordenanza.

**Artigo 13º.-** A presente ordenanza entrará en vigor o 1 de setembro de 2012, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que transcorreran os prazos establecidos no artigo 60.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

2º.- Somete-lo expediente e a ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o expresado prazo poden presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da modificación da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

**11º.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE NATUREZA CATASTRAL POLOS SERVIZOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, di que estamos a falar dun servizo que se presta, na meirande parte dos casos, por necesidade á hora de ter que presenta-la documentación requirida por outras administracións. Estando pois en desacordo coa filosofía tamén o están coas tarifas que se propoñen, que exceden das que está a cobra-la propia Xerencia do Catastro, tarifas que nalgún caso pasan de 1,5 euros. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, subscribe o mesmo argumento do punto anterior pero quere puntualizar que da información da que dispón, quitada da web do Centro de Xestión Catastral, non é o mesmo que di o Sr. Rodríguez Puga, e dálle lectura, no seguinte sentido: *certificaciones catastrales literales bienes urbanos, 4,32 euros/documento máis 4,32 euros bien inmueble; certificaciones catastrales literais bienes rústicos, 4,32 euros/documento más 4,32 euros parcela; certificaciones catastrales descriptivas y gráficas referidas únicamente a una unidad urbana o una parcela rústica, 17,11 euros/documento; certificaciones catastrales con antigüedad superior a 5 años, 43,09 euros*. Entenden que son lóxicas as tarifas que se propoñen na ordenanza (5 euros ou 6 nalgún caso concreto) por dúas razóns: como efecto disuasorio, porque moitas veces se piden as cousas por pedilas, porque son de balde, e con motivo do plan de axuste.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, pregunta se de 4,30 euros a 5 ou 6 non hai diferenza. Isto é consecuencia do plan de axuste do mes de marzo e dos que quedan por vir.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, parece que hoxe non se lle entende o que di e volve dar lectura á información do Catastro: *certificaciones catastrales literales bienes urbanos, 4,32 euros/documento máis 4,32 euros bien inmueble* (isto quere dicir que son 8,64 euros); *certificaciones catastrales literais bienes rústicos, 4,32 euros/documento más 4,32 euros parcela* (8,64 euros).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de certificacións de natureza catastral polos servizos da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

**Artigo 1.º Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo 106 da Lei 7/1985, do 2 abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o Título II da lei de taxas e prezos públicos Lei 8/1989, do 13 de abril, esta Deputación establece a taxa pola expedición de documentos polo Punto de Información Catastral da Deputación Provincial de Ourense, que se rexerá por esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 20 e seguintes do citado Real decreto legislativo.

**Artigo 2.º Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da expedición, a instancia de parte, dos documentos polo Punto de Información Catastral da Deputación Provincial de Ourense.
2. Para os efectos, entenderase tramitada a instancia de parte, calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

**Artigo 3.º Suxeito pasivo.**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

**Artigo 4.º Responsables.**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

**Artigo 5.º Cota tributaria.**

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo as características dos documentos ou expedientes para tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

A cota da tarifa corresponde á tramitación completa do documento nun tempo razoable segundo a petición efectuada e entrega en man das certificacións que en todo caso non deberá exceder de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

tres días. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos documentos.

**Artigo 6.º Tarifas.**

As tarifas da taxa estrutúranse nos apartados seguintes:

|  |         |
|--|---------|
| Por cada solicitude de certificación catastral literal .....               | 5,00 €  |
| Por cada solicitude de certificación catastral de relación de bens.....    | 6,00 €. |
| Por cada solicitude de certificación catastral, descritiva e gráfica ..... | 6,00 €. |
| Por cada solicitude catastral de certificación catastral negativa.....     | 5,00 €. |

**Artigo 7.º Dereito á percepción da taxa.**

Aplicarase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se solicite a expedición do documento de que se trate polo Punto de Información Catastral da Deputación Provincial de Ourense.

**Artigo 8.º Liquidación e ingreso.**

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación mediante o impreso que se facilite nas oficinas do servizo de recadación da Deputación. Con este impreso o interesado realizará o ingreso en efectivo na Tesourería Provincial. Un duplicado da autoliquidación cobrada unirase ó escrito presentado.

O prazo de pagamento en período voluntario das autoliquidacións será de dous días naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A expedición do documento ou documentos de que se trate polo Punto de Información Catastral da Deputación Provincial de Ourense, só serán tramitados trala acreditación previa do pagamento da taxa.

**Artigo 9.º Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas lles correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei xeral tributaria.

**Disposición derradeira.**

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que se cumpran os requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais.

2º.- Somete-lo dito acordo a información pública, polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, para a presentación de reclamacións e suxestións. As ditas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

reclamacións e suxestións serán resoltas polo Pleno desta Deputación Provincial. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

### **12º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, antes de tratar este asunto gustaríalle facer un inciso. Coincide co portavoz do Grupo Socialista e á parte das pullas que poida haber, débese mante-lo ton de cordialidade que ten que haber sempre. En relación co que dixo o Sr. presidente da falta de propostas dos grupos da oposición, ten unha relación das que presentou o seu grupo desde o ano 2004 e todas recibiron o voto en contra do Grupo Popular e nas desta lexislatura tamén. Relata algunhas como a elaboración dunhas bases que se adapten á normativa para todo tipo de subvencións; creación do servizo de cooperación de apoio ós concellos de menos de 2.000 habitantes; elaboración dun mapa de servizos da Deputación; crear un servizo de turismo e suprimi-lo antigo padroado, etcétera, sinatura de convenios coas administracións da Xunta de Galicia para determinados servizos. Nomeouse a palabra lexitimidade e lexitimidade téñena tódolos que están aquí e o labor do seu grupo é o de control ó grupo de goberno. En canto ó asunto que nos ocupa, isto é unha consecuencia do plan de axuste do Pleno do 30 de marzo de 2012, logo de tomar como punto de partida o resultado dunha contabilización de rexistro de facturas de 2011, un resultado que ascendeu a 3.563.712 euros. O BNG optou por unha abstención crítica por considerar que o Real decreto lei 4/2012 non constitúe un mecanismo para dotar dun financiamento máis xusto ou estable ás entidades locais, senón que é simplemente un parche para aliviar unha situación conxuntural que se foi orixinando no tempo (só se admiten facturas antes de 2012), pero sen ofrecer alternativas para evita-la insuficiencia crónica do financiamento destas. Ademais de que beneficia a gran banca privada cos resultados que todos sabemos. A aplicación deste Real decreto lei, a maiores das inxentes axudas públicas recibidas para o seu saneamento, tamén será parte na instrumentación do mecanismo de apoio financeiro asociado a este plan de pagamento ós provedores, que está a ser desenvolvido con posterioridade e con absoluta improvisación, debido ó control económico-

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

financeiro por parte do Estado, que neste caso da Deputación se lle asignan ó Banco de Santander. No caso que nos ocupa, o Goberno Provincial propón unha modificación orzamentaria, por suplementos de crédito que ascende a 1,8 millóns de euros, para paga-las facturas, polo mesmo montante, a través da vía do recoñecemento extraxudicial, dado que estas formaban parte do plan de axuste pero non tiñan crédito orzamentario. A pesar de autoriza-las operacións propostas, a Intervención pon unha serie de reparos ó abuso que por parte do goberno provincial se fai dos recoñecementos extraxudiciais, ó autorizar gastos sen contar con crédito orzamentario, se ben acaba concluído que no caso que nos ocupa procede o recoñecemento extraxudicial, con carácter excepcional, por canto vale para regulariza-la situación existente herdada dos anos anteriores.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia que, por responsabilidade, o voto do seu grupo vai se-la abstención. Noutra ocasión o Sr. presidente preguntoulle que por qué no seu concello se aprobara isto por unanimidade e el contestou que foi porque os tres grupos se sentaron a falar con antelación e porque se trataba de débedas que contraeran tódolos grupos municipais que pasaran polo concello e aquí, na Deputación, sempre gobernou o mesmo grupo. Se recriminou algo foi que prescribieran as facturas que non son dos últimos catro anos, e iso non é correcto, porque a xente que contraeu gastos, independentemente dos reparos que poña a interventora ou non, teñen o mesmo dereito tanto os que teñen facturas atrasadas como os que se lles van pagar agora. Reitera a abstención do seu grupo, e independentemente das fórmulas que se adoptaran, o final hai que pagarlle á xente.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que se nalgún momento se permitiu valora-la lexitimidade da oposición pide desculpas, pero non ten noción de telo feito. Falaba o Sr. Jardón de que non se lles aceptou ningunha proposta, pero o Padroado de Turismo si desapareceu. Supón que o Sr. Jardón goberna ben, porque así o din os cidadáns do seu concello, un concello que non ten débedas, cousa que non poden dicir todos. Entende que isto é unha boa solución para pagarlles ós provedores. Coincide co Sr. Gómez Pérez no tema da prescrición, pero é unha opinión persoal del. En todo caso os técnicos e as normas están para o que están. Como xa se dixo, isto é consecuencia do plan de axuste. Trátase de facturas que non estaban aplicadas ó orzamento e hai que recoñecelas, por iso hai que suplementar aplicacións orzamentarias non previstas no orzamento vixente. O punto seguinte trata do recoñecemento extraxudicial de tódalas facturas.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, esta situación vén herdada de anos anteriores e pola xestión presidencialista que houbo ó longo destes anos, asumindo gastos para os que non había crédito e contratando a oito. Anuncia que se van abster porque a xente ten que cobrar, o que non quita que critiquen a irresponsabilidade na forma de gobernar, que ten que ter un punto final. Manifesta que esta argumentación vale tamén para o punto seguinte e pensa que non se pode estar sempre coa mesma cantilena, aprobando recoñecementos extraxudiciais na Xunta de Goberno, porque isto ten que ser un feito excepcional e os feitos excepcionais non se poden converter en normas.

O **Sr. presidente** quere aclarar que se utilizou a palabra lexitimidade foi para aclarar que na moción socialista, na que se falaba de desbloqueo de proxectos para Ourense, se dixo que o presidente da Xunta aínda tiña o valor de vir presentar aquí o novo proxecto, e non é que teña valor, senón que ten a lexitimidade democrática que comparten tódolos que están na Corporación Provincial. Con respecto ás achegas que leva facendo o BNG desde o ano 2004, o 14 de abril el anunciou que se estaba a elaborar un plan de estratexia para a xestión operativa da Deputación e o que dixo foi que non se achegara ningún documento nin ningunha proposta por parte de ningún dos grupos da oposición. Si se fixo co Regulamento Orgánico, que foi aprobado por unanimidade, e aceptáronse tódalas achegas da oposición.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Autoriza-los suplementos de crédito polos importes e nas aplicacións orzamentarias que figuran nos anexos adxuntos, tanto no Orzamento da Deputación Provincial de Ourense (1.687.057,56) como no Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (143.697,10)

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

2º.- Declarar que os gastos correntes que se pretenden financiar con endebedamento, relacionados no anexo, son necesarios e urxentes (artigo 177.5 do Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais), dada a finalidade do Real decreto-lei 4/2012 de permitirllas ás entidades locais, con carácter excepcional, a cancelación das obrigas pendentes de pago cos seus provedores, derivadas da contratación de obras, subministracións ou servizos mediante a concertación dunha operación de crédito a longo prazo.

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

## SUPLEMENTOS DE CRÉDITO DEPUTACIÓN

| Por programa - Económica | Importe   |
|--------------------------|-----------|
| 11111 - 22601            | 5.258,62  |
| 12211 - 22609            | 26,10     |
| 16111 - 21400            | 1.487,18  |
| 16111 - 22100            | 3.304,62  |
| 16111 - 22103            | 4.094,76  |
| 16111 - 22620            | 992,04    |
| 16111 - 22700            | 461,57    |
| 16111 - 22706            | 25.560,42 |
| 16111 - 62300            | 12.022,08 |
| 16201 - 21200            | 737,50    |
| 16201 - 21300            | 6.423,03  |
| 16201 - 21400            | 21.689,00 |
| 16201 - 21620            | 19,66     |
| 16201 - 22100            | 3.396,59  |
| 16201 - 22101            | 65,54     |
| 16201 - 22103            | 45.585,53 |
| 16201 - 22110            | 2.120,02  |
| 16201 - 22600            | 46,70     |
| 16201 - 22620            | 3.105,68  |
| 16211 - 21400            | 13.013,73 |
| 16211 - 22100            | 2.047,09  |
| 16211 - 22101            | 184,95    |
| 16211 - 22103            | 17.226,81 |
| 16211 - 22620            | 132,84    |
| 16211 - 22700            | 240,65    |
| 16212 - 21400            | 13.991,77 |
| 16212 - 22103            | 12.006,20 |
| 16212 - 22620            | 129,56    |
| 16212 - 22700            | 501,34    |
| 16213 - 21400            | 9.462,44  |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe   |
|--------------------------|-----------|
| 16213 - 22100            | 707,37    |
| 16213 - 22103            | 4.282,41  |
| 16214 - 21400            | 274,14    |
| 16214 - 22103            | 3.866,75  |
| 16215 - 21400            | 3.086,49  |
| 16215 - 22103            | 3.429,32  |
| 16216 - 21400            | 3.591,14  |
| 16216 - 22103            | 7.942,24  |
| 16217 - 21400            | 7.404,20  |
| 16217 - 22103            | 10.150,66 |
| 16217 - 22700            | 303,26    |
| 16218 - 21400            | 2.078,28  |
| 16218 - 22100            | 307,25    |
| 16218 - 22103            | 7.713,17  |
| 16219 - 21400            | 4.288,15  |
| 16219 - 22103            | 6.023,70  |
| 16220 - 21400            | 5.500,56  |
| 16220 - 22103            | 11.272,76 |
| 16222 - 21400            | 4.417,72  |
| 16222 - 22103            | 5.169,07  |
| 16223 - 21400            | 3.614,71  |
| 16223 - 22103            | 279,96    |
| 16223 - 22620            | 1.435,81  |
| 16224 - 21400            | 579,27    |
| 16224 - 22103            | 3.708,46  |
| 16224 - 22620            | 133,13    |
| 16225 - 21400            | 1.588,41  |
| 16225 - 22103            | 2.687,78  |
| 16226 - 22103            | 208,33    |
| 16230 - 22100            | 738,70    |
| 16230 - 22101            | 205,35    |
| 16230 - 22700            | 3.823,21  |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe  |
|--------------------------|----------|
| 16235 - 21400            | 6.831,26 |
| 16611 - 62701            | 426,16   |
| 17111 - 21400            | 1.417,59 |
| 17111 - 22103            | 1.382,30 |
| 17111 - 22620            | 206,06   |
| 17111 - 62300            | 267,90   |
| 24112 - 48104            | 1.349,46 |
| 31311 - 22104            | 1.431,99 |
| 31311 - 22620            | 54,69    |
| 32314 - 22699            | 10,80    |
| 32315 - 20400            | 9.262,55 |
| 32315 - 20700            | 208,62   |
| 32315 - 21200            | 228,21   |
| 32315 - 22000            | 1.595,08 |
| 32315 - 22104            | 800,63   |
| 32315 - 22601            | 5.581,64 |
| 32315 - 22620            | 972,80   |
| 32316 - 20200            | 62,20    |
| 32316 - 21200            | 320,53   |
| 32316 - 22000            | 184,43   |
| 32316 - 22100            | 224,25   |
| 32316 - 22103            | 23,02    |
| 32316 - 22620            | 173,55   |
| 32316 - 22700            | 129,72   |
| 32317 - 21200            | 29,50    |
| 32317 - 21300            | 177,28   |
| 32317 - 22100            | 716,86   |
| 32317 - 22101            | 162,26   |
| 32317 - 22620            | 1.274,16 |
| 33211 - 22000            | 614,27   |
| 33211 - 22001            | 8.843,47 |
| 33411 - 20700            | 3.543,39 |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe   |
|--------------------------|-----------|
| 33415 - 22100            | 1.772,58  |
| 33415 - 22730            | 88,50     |
| 33416 - 21200            | 501,13    |
| 33416 - 22100            | 5.752,62  |
| 33416 - 22101            | 868,50    |
| 33416 - 22300            | 7.080,00  |
| 33416 - 22601            | 264,00    |
| 33416 - 22602            | 56.754,48 |
| 33416 - 22620            | 1.906,03  |
| 33416 - 22730            | 7.674,67  |
| 33416 - 62500            | 4.148,60  |
| 33511 - 20900            | 1.633,79  |
| 33511 - 21200            | 1.392,27  |
| 33511 - 21300            | 2.495,38  |
| 33511 - 22000            | 771,83    |
| 33511 - 22101            | 231,63    |
| 33511 - 22110            | 380,05    |
| 33511 - 22601            | 261,42    |
| 33511 - 22602            | 51.596,88 |
| 33511 - 22609            | 22.974,60 |
| 33511 - 22620            | 3.021,86  |
| 33511 - 22699            | 1.110,14  |
| 33614 - 22100            | 1.294,95  |
| 33614 - 22730            | 2.640,95  |
| 34211 - 21200            | 17,05     |
| 34211 - 21300            | 3.947,23  |
| 34211 - 21400            | 5.645,12  |
| 34211 - 22000            | 153,16    |
| 34211 - 22001            | 349,00    |
| 34211 - 22100            | 36.361,43 |
| 34211 - 22102            | 536,39    |
| 34211 - 22103            | 8.305,09  |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe   |
|--------------------------|-----------|
| 34211 - 22110            | 1.361,50  |
| 34211 - 22602            | 597,08    |
| 34211 - 22620            | 3.846,65  |
| 34211 - 22699            | 41,96     |
| 34211 - 63200            | 7.375,00  |
| 41011 - 21400            | 1.193,70  |
| 41011 - 22001            | 552,00    |
| 41011 - 22103            | 3.268,70  |
| 41011 - 22620            | 10.789,09 |
| 41911 - 20700            | 1.470,33  |
| 41911 - 21200            | 1.491,91  |
| 41911 - 21300            | 1.059,35  |
| 41911 - 21400            | 329,51    |
| 41911 - 22100            | 2.146,02  |
| 41911 - 22103            | 4.264,49  |
| 41911 - 22106            | 1.434,11  |
| 41911 - 22300            | 2.812,53  |
| 41911 - 22620            | 1.370,02  |
| 41912 - 21200            | 995,34    |
| 41913 - 21200            | 9.397,43  |
| 41913 - 21300            | 5.954,50  |
| 41913 - 21400            | 104,17    |
| 41913 - 22100            | 385,98    |
| 41913 - 22101            | 4.777,60  |
| 41913 - 22103            | 3.727,32  |
| 41913 - 22106            | 22.220,58 |
| 41913 - 22602            | 236,00    |
| 41913 - 22620            | 5.787,85  |
| 41913 - 22699            | 10,23     |
| 41915 - 21200            | 1.970,03  |
| 41915 - 21300            | 330,40    |
| 41915 - 22100            | 1.041,53  |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe    |
|--------------------------|------------|
| 41915 - 22106            | 2.797,95   |
| 41915 - 22113            | 263,56     |
| 41915 - 22620            | 4.080,79   |
| 41916 - 21300            | 372,64     |
| 41916 - 22106            | 4.073,97   |
| 41916 - 22113            | 21,50      |
| 41916 - 22300            | 1.123,20   |
| 41916 - 22620            | 1.745,98   |
| 45012 - 20700            | 24.516,27  |
| 45012 - 22199            | 9.953,82   |
| 45012 - 61901            | 11.670,89  |
| 45311 - 20700            | 7.880,96   |
| 45311 - 22000            | 2.469,19   |
| 45311 - 22199            | 30.725,37  |
| 45311 - 22620            | 361,35     |
| 45312 - 11300            | 623,69     |
| 45312 - 20200            | 379,98     |
| 45312 - 21200            | 2.873,69   |
| 45312 - 21300            | 23.804,34  |
| 45312 - 21400            | 57.512,78  |
| 45312 - 22000            | 132,01     |
| 45312 - 22100            | 3.910,75   |
| 45312 - 22101            | 45,95      |
| 45312 - 22102            | 856,13     |
| 45312 - 22103            | 96.547,80  |
| 45312 - 22111            | 51.728,16  |
| 45312 - 22620            | 1.883,30   |
| 45313 - 21300            | 1.404,79   |
| 45313 - 22102            | 37,71      |
| 51111 - 20700            | 835,20     |
| 91211 - 22400            | 1.369,00   |
| 91211 - 22601            | 137.638,17 |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe    |
|--------------------------|------------|
| 91211 - 22602            | 281.953,37 |
| 91212 - 22001            | 360,81     |
| 91213 - 21400            | 4.480,57   |
| 91213 - 22103            | 779,22     |
| 92001 - 22000            | 670,63     |
| 92001 - 22001            | 27.283,36  |
| 92011 - 21200            | 3.054,94   |
| 92011 - 21300            | 1.054,07   |
| 92011 - 22100            | 24.010,99  |
| 92011 - 22101            | 2.581,63   |
| 92011 - 22103            | 6.191,50   |
| 92011 - 22104            | 176,06     |
| 92011 - 22110            | 915,19     |
| 92011 - 22200            | 906,90     |
| 92011 - 22201            | 105.047,83 |
| 92011 - 22202            | 82,60      |
| 92011 - 22620            | 709,91     |
| 92011 - 22700            | 173,83     |
| 92011 - 22701            | 2.506,38   |
| 92011 - 22730            | 1.800,16   |
| 92013 - 22001            | 449,28     |
| 92014 - 21600            | 57,82      |
| 92014 - 22002            | 2.354,68   |
| 92014 - 22730            | 30.624,80  |
| 92014 - 62600            | 668,47     |
| 92016 - 21300            | 252,52     |
| 92016 - 21400            | 345,67     |
| 92016 - 22103            | 506,99     |
| 92016 - 22110            | 85,64      |
| 92016 - 22620            | 3.322,91   |
| 92016 - 22699            | 101,12     |
| 92016 - 22730            | 902,17     |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| Por programa - Económica | Importe |
|--------------------------|---------|
| 92211 - 22000            | 53,02   |
| 93211 - 22000            | 24,98   |

|              |                     |
|--------------|---------------------|
| <b>Total</b> | <b>1.687.057,56</b> |
|--------------|---------------------|

|   |
|---|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012 |
|---|

## SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (INORDE)

| Por programa - Económica | Importe   |
|--------------------------|-----------|
| 42211 - 21200            | 644,28    |
| 42211 - 21400            | 2.482,73  |
| 42211 - 22000            | 1.479,63  |
| 42211 - 22103            | 3.559,98  |
| 42211 - 22113            | 3.686,77  |
| 42211 - 22200            | 527,61    |
| 42211 - 22300            | 4.460,00  |
| 42211 - 22601            | 4.449,55  |
| 42211 - 22602            | 49.326,29 |
| 42211 - 22612            | 3.474,61  |
| 42211 - 22614            | 20.389,96 |
| 42211 - 22615            | 2.965,46  |
| 42211 - 22710            | 19.375,60 |
| 42211 - 23020            | 570,00    |
| 42211 - 62200            | 20.396,68 |
| 42211 - 62300            | 797,68    |
| 42211 - 62717            | 20,15     |
| 42211 - 62720            | 5.036,38  |
| 42211 - 62721            | 14,23     |
| 42211 - 62722            | 39,51     |

|              |                   |
|--------------|-------------------|
| <b>Total</b> | <b>143.697,10</b> |
|--------------|-------------------|

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**13º.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 1/2012 por importe total de 1.687.057,56 €, correspondente ás facturas que se relacionan nos listados adxuntos á proposta, e con cargo ás partidas do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2012 que nel se detallan.

2º.- Aproba-lo recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 1/2012 por importe total de 143.697,10 €, correspondente ás facturas que se relacionan nos listados adxuntos á proposta, e con cargo ás partidas do Orzamento do Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico para o exercicio 2012 que nel se detallan.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

## **FACTURAS PARA RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS ENVIADAS Ó ICO**

| <i>Por programa-Económica</i>        | <i>Descrición Factura</i>  | <i>Importe enviado ICO</i> |
|--------------------------------------|--|----------------------------|
| <b>11111</b>                         |  |                            |
| <b>22601</b>                         |  |                            |
| 283915                               | FACT. 283915 DE 18-10-08, ESTANCIAS DON JESUS SOUTO. PRIETO (ANPE)                     | 313,19                     |
| 280492                               | FRA.280492 DE 19-06-2008. OFFICE PARA A AA.VV. ARNUIDE                                 | 3.415,33                   |
| 08/1165                              | FACT. 08/1165 DE 17-06-08. DESPRAZAMENTO DO AEROPORTO DE MADRID A OURENSE CON ALCALDES | 1.530,10                   |
| <b>Total aplicación orzamentaria</b> |  | <b>5.258,62</b>            |
| <br><b>12211</b>                     |  |                            |
| <b>22609</b>                         |  |                            |
| B/622                                | FACT. B/622 DE 30-09-08. BLISTER   | 26,10                      |
| <b>Total aplicación orzamentaria</b> |  | <b>26,10</b>               |
|                               | 0966154/143476                              | 41,89                      |
|                               | 11  | 1.062,00                   |
|                               | 035/2011                                    | 835,12                     |
|                               | 022/2011                                    | 749,52                     |
|                               | 021/2011                                    | 2.680,98                   |
|                               | 015/2011                                    | 3.784,44                   |
|                               | 016/2011                                    | 533,52                     |
|                               | 02/0000129                                  | 1.736,52                   |
|                               | 39326                                       | 519,94                     |
|                               | 976   | 2.568,23                   |
|                               | 02/0000182                                  | 387,10                     |
|                               | F00986                                      | 696,00                     |
|                               | F00909                                      | 433,83                     |
|                               | F00813                                      | 724,86                     |
|                               | 02/0000212                                  | 194,90                     |
|                               | 40115                                       | 233,82                     |
|                               | 1110281                                     | 507,00                     |
|                               | 11000319                                    | 2.479,10                   |
|                               | <b><i>Total aplicación orzamentaria</i></b> | <b>20.389,96</b>           |
| <b>22615</b>                  |   |                            |
|                               | 02/0000156                                  | 1.483,23                   |
|                               | 154073                                      | 125,10                     |
|                               | F00848                                      | 1.357,13                   |
|                               | <b><i>Total aplicación orzamentaria</i></b> | <b>2.965,46</b>            |
| <b>22710</b>                  |   |                            |
|                               | 40603                                       | 1.180,00                   |
|                               | 189   | 14.514,00                  |
|                               | 190   | 3.304,00                   |
|                               | 145/2011                                    | 377,60                     |
|                               | <b><i>Total aplicación orzamentaria</i></b> | <b>19.375,60</b>           |
| <b>23020</b>                  |   |                            |
|                               | RG/690/11/                                  | 570,00                     |
|                               | <b><i>Total aplicación orzamentaria</i></b> | <b>570,00</b>              |
| <b>62200</b>                  |   |                            |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| <i>Por programa-Económica</i> | <i>Referencia Factura</i>            | <i>Importe enviado ICO</i> |
|-------------------------------|--------------------------------------|----------------------------|
|                               | 3000870                              | 5.247,50                   |
|                               | 3000831                              | 4.581,10                   |
|                               | 3000819                              | 10.568,08                  |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>20.396,68</b>           |
| <b>62300</b>                  |                                      |                            |
|                               | 38861                                | 797,68                     |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>797,68</b>              |
| <b>62717</b>                  |                                      |                            |
|                               | 2223                                 | 20,15                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>20,15</b>               |
| <b>62720</b>                  |                                      |                            |
|                               | 56                                   | 1.620,00                   |
|                               | FV-70798                             | 1.694,75                   |
|                               | 2223                                 | 26,88                      |
|                               | FV-70797                             | 1.694,75                   |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>5.036,38</b>            |
| <b>62721</b>                  |                                      |                            |
|                               | 2223                                 | 14,23                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>14,23</b>               |
| <b>62722</b>                  |                                      |                            |
|                               | 2223                                 | 39,51                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>39,51</b>               |
|                               | <b>Total</b>                         | <b>143.697,10</b>          |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| <i>Por programa-Económica</i> | <i>Referencia Factura</i>            | <i>Importe enviado ICO</i> |
|-------------------------------|--------------------------------------|----------------------------|
|                               | 3000870                              | 5.247,50                   |
|                               | 3000831                              | 4.581,10                   |
|                               | 3000819                              | 10.568,08                  |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>20.396,68</b>           |
| <b>62300</b>                  | 38861                                | 797,68                     |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>797,68</b>              |
| <b>62717</b>                  | 2223                                 | 20,15                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>20,15</b>               |
| <b>62720</b>                  | 56                                   | 1.620,00                   |
|                               | FV-70798                             | 1.694,75                   |
|                               | 2223                                 | 26,88                      |
|                               | FV-70797                             | 1.694,75                   |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>5.036,38</b>            |
| <b>62721</b>                  | 2223                                 | 14,23                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>14,23</b>               |
| <b>62722</b>                  | 2223                                 | 39,51                      |
|                               | <i>Total aplicación orzamentaria</i> | <b>39,51</b>               |
|                               | <b>Total</b>                         | <b>143.697,10</b>          |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**14º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O ANO 2012, SUBVENCÍONS NOMINATIVAS E MODIFICACIÓN DO CADRO DE INVESTIMENTOS REAIS.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, anuncia a abstención do seu grupo, a pesar de estar de acordo e valora-lo esforzo que ten que face-la Deputación Provincial para o Plan municipal de obras e servizos, toda vez que o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia lles deixan ás corporacións locais á deriva, coas súas políticas de recortes, o BNG non pode concordar no uso que se fai das subvencións nominativas, tendo en conta que o réxime normal para a concesión de subvencións debe se-lo de concorrencia competitiva. Refírese ós 533.000 euros do suplemento de crédito que se dedicarán a axudas nominativas, e que agás dous casos de pouca contía, son integramente para concellos do Partido Popular. É de subliñar un feito que para o BNG é de enorme relevancia, pois o PP, pola vía de facto, está a deixar liquidado URBAOURENSE, dado que parte do diñeiro utilizado da venda da Finca Santamariña, máis de 2,5 millóns de euros, se destinan, en gran parte, para o Plan municipal de obras e para cooperación provincial. Isto reforza a idea do BNG de que este organismo non tiña razón de ser, dado que exercicio tras exercicio foi acumulando perdas, a pesar de terlle inxectado a Deputación máis de 20 millóns de euros, e que os proxectos previstos eran máis unha declaración de intencións que unha realidade. En todo caso, a rectificación de políticas anteriores non ven ser nin máis nin menos que unha crítica á anterior forma de gobernar, algo que o BNG xa ten denunciado por activa e por pasiva.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia a abstención do seu grupo, pero quere que quede claro que o grupo de goberno, habilmente, fai unha mestura de todo, vinculando esta modificación a subvencións nominativas, conxuntamente coa acción social e co plan de cooperación para os concellos, que vai ter que asumi-la Deputación (que isto si o está a facer ben). Reitera que se van abster, pero o que lles pide o corpo e votar en contra. Se se puidese fracciona-lo acordo votarían nunhas cousas a favor e noutras en contra. Unha das subvencións que se dan é para o Concello de Ribadavia, pero iso non lle vai facer mudar de opinión, porque cre que o obxectivo para o que vai destinado esa subvención (8.000 euros para

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

a Mostra Internacional de Teatro) é o suficientemente importante e podería ser aínda maior. Se houberse concorrencia competitiva tódolos concellos poderían presenta-la súa oferta cultural. Estamos a falar de máis de cincocentos mil euros para subvencións nominativas nesta modificación das bases de execución, dos cales o 97,1% son para concellos do PP, para os do PSOE o 1,65% e para os do BNG o 1,25% e cre que isto é unha inxustiza e os concellos do PSOE e do BNG teñen tanta lexitimidade para recibir cartos públicos desta institución como os do Partido Popular, porque os cartos públicos non levan o seu membrete. Están de acordo en que nalgúns casos este tipo de subvencións sexan excepcionais, pero non en que a excepcionalidade se converta en norma, e falando de achegas da oposición esta é unha, pero o Sr. presidente non muda esta forma de actuar e non utiliza o factor corrector do que se falaba e poderá quedar moi ben nos medios ou como dialogante, pero a realidade é outra. Reitera que unha subvención vai para o seu concello, aínda que pensa que a merecen con toda a forza e con toda a lexitimidade. Reitera a abstención pero quere que teñan claro que non tragan esta xogada de mesturar todo para meterlles un gol.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** agradece o esforzo do presidente en dar resposta a algunhas das necesidades que teñen os pequenos concellos. Isto non é unha mestura, senón que é un expediente de modificación de créditos que ten varios apartados. É un expediente con cargo ó remanente de Tesourería do ano 2011, aproximadamente nun 40%, e por ingresos procedentes da venda da Finca Santamarina (1.900.000 € e 2.500.00 € respectivamente). Todo isto distribúese nas partidas de gastos, en suplementar créditos ou ben en xerar créditos extraordinarios. A partida máis importante é a do Plan provincial de 1.800.000 euros e 800.000 euros de crédito extraordinario que se habilitan para dar resposta ás competencias que endosou á Xunta de Galicia nos servizos sociais. O esforzo que se está a facer para poder axudar ós concellos da provincia nunha situación de tantas dificultades económicas é claro e estase a dar resposta a unha promesa clara e contundente do presidente desta Deputación, que no seu momento dixo que se asumiría como fose o financiamento dos plans provinciais e na prestación básica de axuda a domicilio dentro dos servizos sociais ó abeiro do disposto no Decreto 99/2012. En canto ás subvencións nominativas di que a maioría das que se dan non se poderían conceder nun marco de concorrencia competitiva por simple operatividade, e en todo caso responden a compromisos da acción de goberno do Sr. presidente e do equipo que o apoia.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, o Sr. Álvarez Dobaño é moi hábil cando lle interesa e claro que non se poderían dar en concorrencia competitiva porque o ano pasado levaría a palma o Concello de Melón e agora podería se-lo Concello de Esgos, porque ata dentro do mesmo grupo hai clases. Xa mencionou antes que pode haber excepcionalidade nas subvencións, ninguén discute iso, pero non convertelas en norma. Pregunta por qué se lle dá unha subvención nominativa á Mancomunidade de Celanova para gastos de funcionamento e non se lles dan a outras, ó mellor é como dicía o anterior presidente “e que os do PSOE e os do BNG non o piden”. Pide que se fagan as cousas ben, que se dean subvencións por concorrencia competitiva e así xa non hai que pedilas.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTO DE INVESTIMENTO**

| <b>APLICACIÓN</b>   | <b>EXPRESIÓN</b>   | <b>IMPORTE €</b>    |
|---|--|---------------------|
| 166.11/650.01   | Plan municipal de obras e servizos   | 1.794.895,26        |
| 450.12/619.02   | Reparación vías municipais. Cooperación provincial   | 100.000,00          |
| 450.12/762.01   | Subvención Concello Xinzo de Limia Museo do Entroido   | 140.000,00          |
| 450.12/762.01   | Subvención Concello Esgos. Actuacións de mellora de eficiencia enerxética en instalacións municipais | 140.000,00          |
| 450.12/762.01   | Subvención Concello Avión Centro multiusos   | 100.000,00          |
| 920.11/632.00   | Edificio e construcións Pazo Provincial  | 90.000,00           |
| 166.11/627.01   | Investimento proxecto valor Xerés-Xurés. Programa Europeo POPTEC                                     | 161.671,00          |
| <b>SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS DE INVESTIMENTO</b> |  | <b>2.526.566,26</b> |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES**

| <b>APLICACIÓN</b>                                   | <b>EXPRESIÓN</b>   | <b>IMPORTE €</b>    |
|---|--|---------------------|
| 334.13/462.01                                       | Subvención Mostra Internacional de Teatro Concello de Ribadavia                                | 8.000,00            |
| 334.13/462.01                                       | Subvención Mancomunidade de Celanova   | 90.000,00           |
| 334.13/489.01                                       | Subvención Foro La Región  | 49.000,00           |
| 334.13/462.01                                       | Subvención funcionamento museo da Limia Concello Vilar de Santos                               | 6.000,00            |
| 172.13/467.00                                       | Achega Consorcio Incendios da Limia  | 200.000,00          |
| 172.12/467.00                                       | Achega Consorcio Incendios Verín   | 220.000,00          |
| 172.11/467.00                                       | Achega Consorcio Incendios Valdeorras  | 105.000,00          |
| 163.11/462.00                                       | Subvencións gastos choferes rozadoras  | 163.200,00          |
| 453.11/227.06                                       | Proxecto canalización regado Preanes e estabilización de ladeiras en San Vicente Leira OU-0807 | 50.000,00           |
| 920.01/227.06                                       | Contrato de inspección tributaria en materia de recadación                                     | 15.000,00           |
| 920.11/222.01                                       | Gastos postais Pazo Provincial   | 100.000,00          |
| 241.12/481.04                                       | Becas Leonardo Fomento do Emprego  | 27.300,00           |
| <b>SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO GASTOS CORRENTES</b> |  | <b>1.033.500,00</b> |

**CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS**

| <b>APLICACIÓN</b> | <b>EXPRESIÓN</b>   | <b>IMPORTE €</b> |
|-------------------|--|------------------|
| 231.11/462.00     | Acción social. A concellos   | 850.000,00       |
| 341.11/489.00     | Fomento do deporte outras subvencións a entidades e asociacións sen ánimo de lucro | 20.000,00        |
| 333.11/221.00     | Enerxía eléctrica outros inmobles  | 20.000,00        |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| APLICACIÓN                           | EXPRESIÓN | IMPORTE €         |
|--------------------------------------|-----------|-------------------|
| <b>SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS</b> |           | <b>890.000,00</b> |

### RESUMO

|   |                     |
|---|---------------------|
| Suma suplementos de crédito.....                | 3.560.066,26        |
| Suma concesión de créditos extraordinarios..... | 890.000,00          |
| <b>TOTAL.....</b>                               | <b>4.450.066,26</b> |

### RECURSOS UTILIZADOS

|  |                |
|--|----------------|
| Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais  | 1.923.500,00 € |
| Recursos procedentes de venda finca Santamariña, afectados a gastos de investimentos (*). Subconcepto 600.00 | 2.526.566,26 € |

**(\*) Recursos con financiamento afectado, pendentes de emprego= 1.154.171,42 euros**

2º.- Aproba-la modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan ó apartado B) da Base 86ª, no que se refire a subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo as seguintes ás que figuraban inicialmente:

**Con cargo ás aplicacións orzamentarias que se especifican en cada subvención,**

| Beneficiario                | Finalidade  | Importe (euros) | Aplicación orzamentaria |
|-----------------------------|---|-----------------|-------------------------|
| Concello Xinzo de Limia     | 2ª fase construción Museo do Entroido                                     | 140.000,00      | 450.12/762.01           |
| Concello Esgos              | Actuacións de mellora de eficiencia enerxética en instalacións municipais | 140.000,00      | 450.12/762.01           |
| Concello Avión              | Centro multiusos  | 100.000,00      | 450.12/762.01           |
| Concello Ribadavia          | Mostra Internacional de Teatro  | 8.000,00        | 334.13/462.01           |
| Mancomunidade de Celanova   | Gastos de Funcionamento   | 90.000,00       | 334.13/462.01           |
| La Región, SA               | Foro La Región  | 49.000,00       | 334.13/489.01           |
| Concello de Vilar de Santos | Mantemento do museo da Limia  | 6.000,00        | 334.13/462.01           |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

2º BIS.- E modificando o beneficiario que figura na subvención a favor do Club Santo Domingo, polo seguinte beneficiario: FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS, con cargo á mesma aplicación orzamentaria 341.11/482.06, co obxecto de subvencionar o Quinto Futures Cidade Ourense.

3º.- Por outro lado, a modificación orzamentaria consistente no crédito extraordinario por importe de 850.000,00, con cargo á aplicación orzamentaria 231.11/462.00 “Acción social a concellos”, procede das medidas asumidas pola Deputación Provincial para financiar o plan de servizos sociais en toda a provincia, trala aprobación do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**15º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-1110 BALTAR-RANDÍN, NO MUNICIPIO DE BALTAR.-**

O Sr. Secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-1110 BALTAR-RANDÍN”, no concello de Baltar, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ó figurar incluídas no “Plan Especial de Investimentos na Rede Viaria Provincial e Municipal 2011”, debidamente aprobado.

3º.- Acordar definitivamente a NECESIDADE DE OCUPACIÓN dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

| <b>N.º parcela expediente</b> | <b>N.º polígono/parcela Catastro</b> | <b>Tipo parcela</b>  | <b>Propietario expediente</b>    | <b>M2 exprop.</b> |
|-------------------------------|--------------------------------------|----------------------|----------------------------------|-------------------|
| 00000001                      | 032/0384                             | Labradío<br>sequeiro | Hros. de Celsa<br>Alonso Salinas | 1.038,00          |

4º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

**15º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE PISCINA MUNICIPAL EN PORQUEIRA.-**

O Sr. Secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- En canto as alegacións formuladas por unha das propietarias da parcela afectada pola expropiación forzosa, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Rosario Rodríguez Quintas, procede contestar o seguinte:

- a) Alega a propietaria que a delegación de competencias feita polo concello de Porqueira na Deputación Provincial de Ourense é nula de pleno de dereito, baseándose no disposto nos artigos 7.3 e 37 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local e art. 66 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, disposicións que en ningún momento impiden tal delegación, citando ademais unha sentenza do T.S. de 3 de xullo de 1993, na cal se trataba un suposto de delegación de competencias dun concello nunha mancomunidade de municipios, suposto que non é posible por se-la potestade expropiatoria unha potestade que só dispoñen dela as administracións territoriais, entre as cales si se atopan as Deputacións Provinciais e non as mancomunidades de municipios.
- b) Alega a propietaria que o proxecto da obra obxecto da expropiación forzosa non foi exposto a información pública cando o devandito proxecto figura incluído no Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de carácter municipal 2011, coa clave 60/PB/2011, o cal foi obxecto de información pública, sendo, ademais, dita inclusión no Plan Provincial a que lle outorga a declaración de utilidade pública a expropiación forzosa, ó abeiro do disposto no artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.
- c) Alega a propietaria que o proxecto da obra carece de relación detallada e valoración aproximada dos terreos que haxa que ocupar, relación da cal se deu traslado os propietarios afectados no trámite de información pública no cal se verteron as alegacións que son obxecto de contestación, polo que sí existe tal relación detallada.
- d) Alega a propietaria que o terreo sobre o que se proxecta construír a piscina ten a cualificación de “rústico de protección agropecuaria”, polo que, tendo en conta o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia, debería contar con autorización autonómica, a cal consta no expediente, téndose outorgado pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con data 25 de abril de 2012.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

e) Tamén alega a propietaria que o proxecto incumpre o disposto no artigo 42.d) da LOUGA que dispón que os recuamentos das construcións os lindes da parcela deberán garanti-la condición de illamento e, ningún caso, poderán ser inferiores a 5 metros. A este respecto cabe responder que o proxecto conta con dúas edificacións, vestiarios e local almacén -recreo, sendo a súa distancia ós lindes da parcela superior a 5 metros. As canalizacións soterradas, así como a cámara que alberga a maquinaria da piscina, todas elas baixo rasante, constitúen instalacións subterráneas que en ningún caso poden ser consideradas como edificacións. Por outra banda, a rampla formigonada de acceso consiste nunha pavimentación feita sobre o terreo, e polo tanto non é un edificio, polo que tampouco debe gardar recuado ós lindeiros.

2º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, ó figurar incluídas no “Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de carácter municipal 2011, Plan Base”, coa clave 60 /PB/2011.

3º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación dos terreos que se indican a continuación:

| N.º parcela expediente | N.º polígono/parcela Catastro | Tipo parcela | Propietario expediente                      | M2 exprop. |
|------------------------|-------------------------------|--------------|---|------------|
| 01                     | 0661/502                      | Rústica      | Amando Rodríguez Rodríguez                  | 555,00     |
| 01                     | 0661/502                      | Rústica      | Gumersinda Rodríguez Rodríguez              | 555,00     |
| 01                     | 0661/502                      | Rústica      | M.ª Rosario e Juan Manuel Rodríguez Quintas | 555,00     |

4º.- Notificarlles este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

**17º.- REFORMULACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL, APROBADO DEFINITIVAMENTE O 24 DE FEBREIRO DE 2012, COMO PLAN PROVINCIAL FINANCIADO CON FONDOS PROPIOS DAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do BNG**, congratúlase de que se reformule este asunto, e de que se dispoña de fondos (1,8 millóns de euros), para levar a cabo un plan

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

provincial cuxa execución estivo en dúbida. Demándanlle ó grupo de goberno axilidade nos trámites, porque, entre outras cousas, os prazos administrativos sempre se dilatan e as obras son necesarias nos concellos. Anuncia o voto favorable do seu grupo.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, recoñecen que esta Deputación estivo á altura das circunstancias con este asunto e anuncia o voto favorable do seu grupo. Pensa que isto é unha afronta que lle fai o goberno central a tódolos concellos españois de menos de vinte mil habitantes, e isto é censurable e criticable. Na comisión fixeron unha proposta, xa que este vai ser un plan da Deputación, e era que eses cartos puidesen ser destinados a gasto corrente dos concellos, e xa lle dixeron que iso non podía ser. Pide que se se fai outro plan se teña isto en consideración.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, efectivamente, nas comisións xurdiu a proposta de que o plan se puidese destinar a outro tipo de finalidade ou que fose de libre disposición dos concellos e xa se explicou que non se considerou conveniente porque o plan xa estaba elaborado e aprobado. Espera que o vindeiro ano se poida retoma-lo plan provincial, e que o goberno central o volva cofinanciar. Esta Deputación, baseándose nas certificacións de adxudicación das obras, libraralles ós concellos o 50% do importe da subvención, e aínda que pequena, sería unha axuda máis para as arcas municipais, que están bastante deterioradas.

O **Sr. presidente** agradece as verbas dos grupos e congratúlase de que se poida afrontar este plan con fondos propios e que se terá en conta a fórmula que expuxo na comisión o Sr. Gómez Pérez, así como outras que poidan xurdir en futuros plans.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modifica-lo Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2012, aprobado definitivamente o 30 de marzo de 2012, no sentido seguinte:

- a) As achegas previstas no Plan con cargo á subvención do Estado serán realizadas pola Deputación Provincial, con cargo a fondos propios.
- b) O prazo de presentación de proxectos municipais ante a Deputación Provincial para a licitación das obras amplíase ata o 15 de xullo de 2012.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

- c) A execución das obras é competencia da Deputación Provincial. Non obstante, os concellos poderán solicita-la delegación da competencia para a súa execución, remitindo o proxecto coa solicitude, para súa supervisión polos servizo técnicos provinciais. No caso no que desexen executa-las ditas obras por administración, deberán achegar informe do secretario ou secretario – interventor no que se acredite debidamente a concorrencia dos supostos que permiten empregar esta fórmula de execución, conforme coa lexislación vixente.
- d) O prazo de adxudicación dos contratos de obra rematará o 1 de novembro de 2012. Este prazo terá carácter improrrogable, debendo comunicarse á Deputación os acordos de adxudicación antes do 1 de decembro, mediante certificación expedida polo secretario ou secretario – interventor de cada concello. No caso de obras que se executen por administración, deberá achegarse certificado do acordo de execución das obras.
- e) Baseándose nas certificacións de adxudicación das obras, a Deputación librará ós concellos o 50 % del importe da subvención. Cando se trate de obras de carácter plurianual, a dita porcentaxe fará referencia á anualidade correspondente. O 50 % restante remitirase ó recibirse a certificación final de obra e a acta de recepción, ou a certificación correspondente ó remate da obra que se vaia a realizar en cada anualidade, no suposto de investimentos de carácter plurianual.
- f) A documentación xustificativa para o cobro do 50 % da subvención deberá remitirse á Deputación antes do 1 de decembro do exercicio 2012, e a do cobro do 25 % restante, antes do 1 de decembro do exercicio 2013.
- g) O plan provincial deberá quedar totalmente executado antes do 1 de novembro de 2013. Non obstante, en supostos excepcionais debidamente xustificadas, a Deputación poderá conceder unha prórroga que non poderá excede-los tres anos desde a data de adxudicación da obra ou do acordo de execución pola administración.
- h) O incumprimento dos prazos de execución determinará o reintegro das cantidades percibidas, sendo de aplicación o disposto ó respecto pola Lei xeral de subvencións e as súas normas de desenvolvemento.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

- i) Os remanentes que se produzan polas baixas na adxudicación dos contratos ou pola anulación de obras poderán ser utilizados para o financiamento das obras do plan complementario.
- j) O resto de determinacións contidas no Plan Provincial aprobado o 30 de marzo de 2012 e nas bases de execución do 16 de decembro de 2011 mantéñense. As normas estatais do Programa de Cooperación Económica Provincial serán de aplicación supletoria. En todo caso, facúltase expresamente á Presidencia da Deputación para emitir resolucións interpretativas ou aclaratorias respecto de calquera incidencia que xurda na execución do Plan, con carácter executivo.

2º) Publica-lo presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, e notificarlo individualmente ós concellos da provincia.

**18º.- INFORME SOBRE APROBACIÓN INICIAL POLA COMISIÓN XESTORA DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS, DO PROXECTO DE ESTATUTOS DO DITO CONSORCIO.-**

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista**, anuncia o voto a favor do seu grupo e xa que o seu concello é membro desa comisión xestora e que o resto dos concellos tamén estaban de acordo cos estatutos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e cos vinte e dous (22) votos favorables dos deputados presentes do Grupo Popular e do Grupo Socialista e a abstención dos deputados do Grupo do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Informar favorablemente o proxecto de Estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, aprobado inicialmente pola Comisión Xestora do dito Consorcio en data 22 de maio de 2012.

**19º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DOS SERVIZOS PÚBLICOS.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, presentan esta moción porque a consideran de candente actualidade e dálle lectura, co seguinte contido: *“As decisións que están a adoptar os Goberno do Partido Popular no Estado Español e na Xunta de Galiza, de recortalo gasto social mediante a redución das prestacións, o empeoramento das condicións de traballo e a destrución de emprego público, poñen en serio risco o Estado do benestar, que é patrimonio da cidadanía e que se asenta na existencia duns servizos públicos de calidade, universais e accesibles que atenden con eficacia as necesidades da cidadanía, están agudizando, aínda máis, a situación de crise e aumentando as desigualdades entre os cidadáns. A estratexia que utilizan tanto uns coma outros para suprimir ou privatiza-los servizos públicos, obedece a unha secuencia repetida en numerosas ocasións: primeiro degrada-los servizos e fomentar o seu mal funcionamento, despois, descualificalos socialmente, intentando influír negativamente no apoio social co que contan e, por último, desmantelalos, suprimilos ou privatizalos. O BNG reivindica a consolidación dun sistema público, universal, que garanta os recursos e equipamentos precisos para afrontar as necesidades do conxunto da poboación, co obxectivo de favorecer a cohesión social, reforza-los vencellos sociais e combate-los procesos de desestruturación territorial e social, e nese sentido defende que o gasto social destinado a manter os servizos públicos é o mellor investimento que os gobernos poden facer para favorecer a saída da crise. Os servizos públicos son patrimonio cidadán porque son estes quen os sufragan a través dos seus impostos, fundamentalmente das rendas do traballo, ós que contribúe o conxunto da cidadanía, e constitúen a mellor forma de redistribución social da riqueza ademais de seren un investimento para o presente e o futuro. Os 3.000 millóns de euros adicionais recortados polo Goberno en educación supoñen un retroceso para saír de crise, xa que masifica as aulas, aumentando a ratio de alumnos/as, reduce a educación infantil de 0-3 anos, produce unha sobrecarga de horas lectivas nos docentes, non cobre baixas de profesorado, elimina o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato, adía a implantación de ciclos de formación profesional, reduce as bolsas, endurece os requisitos para lograr unha axuda ó estudo, conxela a oferta de emprego público e sobe as taxas universitarias. Canto á sanidade, un dos servizos públicos mellor valorados pola cidadanía, o recorte adicional previsto é de 7.000 millóns. Con isto incrementarán os concertos privados e a colaboración público - privada, á vez que se seguirán pechando centros e servizos públicos (ambulatorios, servizos de urxencia nocturnos, camas hospitalarias, equipamentos*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

*diagnósticos e quirófanos, especialmente en horario de tarde) e aumentará a privatización de servizos. Opcións que se presentarán como unha solución ós problemas de xestión directa do sistema sanitario público. Ademais, impóñenselles trabas adicionais ás persoas inmigrantes que viven no Estado Español, que non poderán acceder en moitos casos á tarxeta sanitaria, incumprindo o mandato constitucional de que os poderes públicos garantan e tutelen a saúde pública para o conxunto da poboación. Prodúcese un feito histórico cal é o de que por primeira vez na democracia, os pensionistas participarán no repago farmacéutico e incrementárase a achega da maioría da cidadanía. Rexeitamos, polo tanto, a aposta polas fórmulas de copagos e repagos, porque recaen sobre os máis desfavorecidos e sobre os que menos recursos teñen que adoitan se-los máis enfermos e os máis maiores, poboación que no noso país é maioritaria. Por iso o grupo provincial do BNG solicita a adopción, por parte do Pleno da Deputación, do seguinte acordo: 1º.- Instar á Xunta de Galiza a derroga-lo Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e negociar outro no marco da FEGAMP, mantendo os criterios e o financiamento previsto no ano 2009-2010 para os concellos. 2º.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique no noso País ningún dos recortes que recolle o RD Lei 14/2012, e que recorra a normativa por invadi-las competencias que en materia educativa ten o Goberno galego. 3º.- Instar á Xunta de Galicia a garanti-la Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a mante-la xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galicia”.*

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, pide desculpas se na súa intervención anterior esqueceuse de saudar á Presidencia e ó resto dos deputados e deputadas. Acábase de aprobar unha modificación orzamentaria por valor de 850.000 para axudar ós concellos na acción social. A decretazo limpo, uns vinte en cinco en cinco meses de goberno do PP en España, o que tamén estamos acostumados en Galicia co Sr. Núñez Feijoo. Este é o resultado da política de dirixi-lo país sen consenso coa oposición, e que o grupo de goberno practican por razón da urxencia. O goberno do Estado aplica recortes en sanidade e en educación por valor de 10.000 millos de euros, mentres acudimos ó rescate de entidades financeiras por valor do triplo ou do que nos pidan. Cada venres un dolor, cada día unha sorpresa e cada hora unha angustia, que ten o país sumido na parálise, mentres se nos di que os piares do estado social e democrático de dereito, recollidos na Constitución, se veñen abaixo,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

por mor da crise e iso é absolutamente falso. Se non temos cartos para sanidade e educación ou servizos sociais, pregúntase cómo podemos telos para acudir a rescatar bancos. O Partido Popular está desmantelando un sistema publico de ensino, sanitario e de prestacións sociais que custou moito tempo acadar, pero non lles tremerá a man con tal de facer negocios, abandonando a xestión pública e eficaz, invocando austeridade e redución do gasto, para pasalo a xestión privada. Son reformas de tal calado que os colectivos profesionais tanto da medicina como da educación, din que haberá un antes e un despois da aplicación dos decretos, xa que as catro calidades - universalidade, gratuidade, equidade e calidade- vanse ver seriamente ameazadas. Non é a primeira vez que o presidente Núñez Feijóo diferencia entre o que para el é servizo prioritario na sanidade e o que non o é, todo agás os quirófanos, porque tampouco os pode privatizar. O rumbo que teñen as políticas do PP, non é outro que a dos recortes en tempos de crise e a falsa austeridade. Só lles preocupa reduci-lo déficit, un camiño equivocado, porque cada día Europa nos esixe o que non podemos cumprir. Con recortes ós que menos teñen non se crea emprego e non se garanten os servizos básicos. O PP sábeo ben, porque gobernan en moitos concellos, o paro aumenta, baixa o número de cotizantes e moitas familias están a pasalo mal. O rostro e a pobreza xa teñen cara e é a dos menos favorecidos. Hoxe en Ourense son máis os pensionistas que os cotizantes, os mellores preparados emigran e a calidade do ensino empeorará se non investimos. Reducímo-lo número de profesores, non se cobren baixas dos profesionais, nin na sanidade, nin nos colexios. Estamos en medio dunha cicloxénese explosiva e con decretazos baseados en recortes de dereitos e prestacións, non saímos. Feijoo dicía hai tres anos que en 45 días íase acabar co desemprego, con Rajoy acabábase a crise o 21 de novembro. A realidade é ben distinta, recortes, copago, repago, menos dereitos, menos prestacións, e portas abertas á xestión privada do que sempre debeu ser público. Este grupo de goberno está a ser cómplice de traspasar unhas liñas vermellas que non deberíamos pisar. Poderíamos estar toda a mañá debatendo esta moción, porque nos concellos os recortes xa os padecen a diario, nos colexios nos centros de saúde e mesmo nos servizos sociais. O Partido Socialista, que é abandeirado nos temas de dereitos cidadáns e civís, vai apoiar esta moción en toda a súa extensión.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** pensa que esta moción se debería presentar no Parlamento e non aquí. En canto ós servizos sociais –tema que xa se debateu o mes pasado, onde quedou clara a postura do PP- o Decreto 99/2012 é consecuencia

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012**

directa do establecido na Lei 13/2008, do 13 de decembro, aprobada polo goberno bipartito, e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia. O artigo 63 daquela lei provocou o artigo 31 deste decreto. Con respecto á educación, o traballo levado a cabo polo actual goberno galego permítelle a Galicia ter máis marxe para aplicar con flexibilidade o Real decreto lei 14/2012. O goberno galego xa explicou con claridade a posición de Galicia ante este decreto, unha posición de respecto e acatamento da normativa estatal cando corresponde e de singularidade cando hai marxe competencial e de camiño percorrido na boa dirección para aplicala con flexibilidade. Teñen que recoñecer que a solvencia de Galicia (con mellores datos para acadalo tope de déficit) e o traballo feito nestes tres anos (proxectos innovadores en educación –Abalar, Plurilingüismo, Centros Integrados de FP, mellora das bibliotecas escolares, etcétera-) permítenos ofrecerlle á comunidade educativa un escenario máis flexible que outras comunidades. Tomáronse algunhas medidas como a de que non se vai subilo número de alumnos por aula, a diferenza doutras comunidades autónomas; mantéñense os ciclos de FP que xa foron adaptados á LOE cursando 2.000 horas, os que aínda non se adaptaron farano no curso 2014/2015, como propón o Ministerio; mantéñense os sexenios da carreira profesional docente pero, ó igual que no resto de España, non haberá ningún complemento retributivo novo; o horario lectivo dos mestres de infantil e primaria xa está no mínimo esixido (25 horas) e non sufrirá incremento, para cumprir co que obriga o Ministerio, incrementarase o horario lectivo do profesorado de secundaria de 18 a 20 horas. Respecto do establecido polo Real decreto lei para a xornada lectiva dos docentes, os representantes da Consellería explicaron que estamos ante unha disposición de obrigado cumprimento a nivel nacional, coa que se equipara en tódalas comunidades autónomas a parte lectiva da xornada semanal a 25 horas en educación infantil e primaria e a 20 horas nas restantes ensinanzas. A reorganización da xornada lectiva dos docentes faise necesaria para garanti-la atención do alumnado. Galicia contará co número de profesores que precise para ofrecerlle a formación adecuada ó alumnado (esta é a garantía do goberno de Galicia). Non se aplicará a reforma no que se refire ás modalidades de bacharelato, mantendo a oferta existente e dándolle liberdade ós centros á hora de ofertar estas ensinanzas. Os centros galegos que impartan estas ensinanzas seguirán a ofertar, polo menos, dúas modalidades. Xa se aplica a non substitución de profesorado se a duración da baixa é de 10 días lectivos ou menos. Ten que quedar claro que un dos obxectivos da reforma do sistema nacional de saúde é garantir, nestes momentos de grave crise económica, que a sanidade en España e en

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

Galicia siga sendo pública, universal, gratuíta e de calidade. Comparten totalmente o papel fundamental dos profesionais no desenvolvemento e niveis de calidade logrados na sanidade durante estes anos, así como o desempeñado polos concellos colaborando e cooperando na construción e mantemento dos centros sanitarios, participando en iniciativas de prevención e promoción da saúde, que tanto contribuíu a alcanzar esas cotas de calidade. Tamén comparten a necesidade dunha reforma sanitaria que permita adapta-lo sistema á realidade actual, inclúa medidas de mellora da eficiencia, control de gasto e a austeridade, que permitan a sustentabilidade económica do noso sistema nacional de saúde. E non só pola crise económica e a caída de ingresos, senón tamén polos cambios experimentados nos últimos anos na situación demográfica e sanitaria. Como o envellecemento da poboación (ás mulleres españolas, cando cumpren 65 anos, quédalles unha media de 22 anos de vida e ós homes 18 anos). É un feito a cronificación de moitas enfermidades como consecuencia do aumento da esperanza de vida. O goberno socialista, en tempos de bonanza económica, non adoptou as medidas que o sistema necesita, e as tomadas entre 2010 e 2011 de control do gasto farmacéutico e de coordinación institucional chegaron tarde. Para rematar, anuncia o voto en contra da moción.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, pensa que a defensa dos servizos públicos non se pode medir polo número de veces que se debate. O Partido Popular iniciou unha xeira, tanto a nivel estatal como na Xunta de Galicia, de recorte en gasto social (en contra das promesas electorais) que ó único que nos está levando é ó empeoramento das condicións de traballo e á destrución de emprego. O estado de benestar está sendo posto en serio risco e con el desaparece un patrimonio que lle corresponde á cidadanía e que se basea na existencia duns servizos públicos de calidade, universais e accesibles. Co seu desmantelamento, o único que acadará o Partido Popular será agudizar, aínda máis, a situación de crise e fará que aumenten as desigualdades entre os cidadáns. A estratexia é de sobras coñecida: primeiro degradar e fomenta-lo seu mal funcionamento, tratando de concienciar socialmente que iso é así e unha vez convencida a sociedade deste mal funcionamento, entón pasar á fase B que é desmantelalos, suprimilos ou privatizalos. Contra esa actuación desmanteladora e privatizadora, o BNG avoga por un sistema público fornecido de recursos e equipamentos necesarios que afronten as necesidades do conxunto da poboación. Un sistema público reforzado que favoreza a cohesión social e que se combata os procesos de desestruturación territorial e social. Consideran que o investimento en gasto social destinado a mante-los servizos públicos é a mellor vía que pode

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012**

escoller un goberno para favorece-la saída da crise. Dende o BNG cren que é de xustiza que os servizos públicos sexan patrimonio dos cidadáns porque son eles quen os sufragan a través dos seus impostos, que constitúen a mellor forma de redistribución social da riqueza ademais de seren un investimento para o presente e o futuro. Non obstante, o PP ten por obxectivo privatiza-la educación e a sanidade pública invadindo as competencias autonómicas, buscando satisfacer ós especuladores financeiros e pon en perigo o acceso igualitario á educación e a sanidade. Os servizos públicos convértense en branco fácil na política privatizadora de Rajoy. De aí, que obrigue a que as CCAA reduzan 10.000 millóns de euros das súas partidas dedicadas ó ensino e á sanidade. O presidente Feijóo debería defende-las competencias galegas e non aceptar submisamente esta inxerencia competencial. O presidente de Galicia debería poñerse do lado da cidadanía e oporse ó desmantelamento dos servizos públicos. Recórtase a educación eliminando profesorado, masificando as aulas e subindo as taxas universitarias máis dun 50%. O conselleiro de Educación falou da valentía do goberno por eliminar profesorado e masifica-las aulas. Valentía sería enfrontarse a unhas medidas que atacan a igualdade de oportunidades que un ensino público de calidade debe proporcionar. Feijóo asume os recortes de educación porque é unha continuidade da súa política a favor do ensino privado e de precarización do público. Durante estes tres anos a realidade é outra e dentro de pouco os profesores non se van poder presentar nin a políticos, porque non teñen substitutos no período de eleccións. Reduciuse profesorado nos centros públicos e unidades educativas; aumentaron os concertos coa privada; reducíronse as bolsas para a aprendizaxe de idiomas un 59%, as bolsas universitarias un 24.4% ou as bolsas para FP un 60%; no último goberno de Fraga o peso da concertada incrementouse de 10.5% a 10.75% nun só ano, no bipartito crecendo os orzamentos de educación, na educación privada estancáronse chegando a un peso relativo do 10.8%. Hoxe, no goberno Feijóo o peso da concertada é de 11.4%, o maior da historia da democracia. Os universitarios/as pagarán os custos da crise coas súas matrículas. Na práctica o PP pretende privatiza-la Universidade duplicando as taxas. O PP acepta o modelo de imposto sobre a enfermidade. As medidas que Feijóo acepta de Madrid pretenden ser un imposto sobre a enfermidade. Son medidas dirixidas a que aumente o financiamento sanitario a través dos enfermos crónicos e dos xubilados, o que converte o sistema sanitario en máis desigual e máis inxusto. Este *medicamentazo* pretende medi-lo grao de resignación da xente, porque o obxectivo é camiñar a un sistema sanitario dual, cun de beneficencia para a maioría e outro para

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

quen o poida pagar. Estas medidas en ningún caso responden ó principio de que pague máis quen máis ten, pois a sanidade págase con impostos e é aí onde debe contribuír máis quen máis ten. Estas medidas son un repago sanitario que constitúen un imposto á enfermidade. Feijóo ten marxe para que os xubilados e as xubiladas non teñan que pagar un problema que eles non xeraron. O PP galego ten que decidir entre asumir esta inxerencia competencial e asumi-las imposicións ós xubilados ou buscar alternativas. Por non falarmos do incumprimento do mandato constitucional de que os poderes públicos garantan e tutelen a saúde pública para o conxunto da poboación, impoñéndolles trabas adicionais ás persoas inmigrantes que viven no Estado Español, que non poderán acceder en moitos casos á tarxeta sanitaria.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, cre que queda exposto con claridade meridiana que o froito destes recortes ímolo recoller dentro duns anos, senón dentro duns meses. O que está claro é que os recortes en sanidade pódennos levar a un problema de saúde pública grave e importante. Pérdese a condición de gratuidade universal da sanidade pública. Pásase á condición de asegurado ou preceptor dalgunha prestación, onde quedan os maiores de 26 anos que non cotizaron nunca. Por desgraza, as urxencias dos hospitais vanse ver colapsadas polas persoas que non poidan acudir a un centro de saúde. Preocupa tamén a educación, porque os recortes do Sr. Núñez Feijóo xa se aplicaron durante este curso, como ben expuxo o compañeiro do BNG, porque, neste caso, o sabe ben, xa que traballa nese eido e sabe que as baixas non se van cubrir, igual que tampouco se cobren outras baixas de profesionais dos centros sanitarios. Reitera o apoio á moción en toda a súa extensión.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, o que está claro é que as medidas que adoptou o Ministerio de Educación están a disposición das comunidades autónomas (algunhas gobernadas polo PSOE). Son medidas impopulares pero necesarias. Quere poñer un exemplo, no seguinte sentido: o bipartito chegou no ano 2005, nun momento de auxe económico evidente, cunha taxa de abandono escolar dun 23%. Chegou nun momento de vacas gordas, para poder investir en programas de reforzo, mellora, orientación... e rematan a súa legislatura cun 26% de abandono. Tres anos despois, gobernando o Partido Popular e incrementando os orzamentos considerablemente no capítulo de educación, dado que máis dun de cada catro euros - ¼ do orzamento dedícase a educación- a taxa de fracaso escolar baixou a un 20,8%, polo tanto, máis recursos non é igual a mellores resultados. Galicia ten a media de 9,7 alumnos por profesor, sendo con Cantabria e Asturias unha das tres comunidades

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

autónomas con este índice máis baixo (a media de España é de 11,4). Despois da reorganización do horario docente feita pola Xunta de Galicia, na actualidade as alumnas e alumnos galegos teñen á súa disposición 60.000 horas máis de dedicación. Galicia é pioneira na ensinanza bilingüe e plurilingüe en centros sostidos con fondos públicos. Con respecto á sanidade, manifesta que ninguén cuestiona que calquera persoa española, estranxeira, inmigrante, transeúnte, etcétera, que cae enferma no noso territorio ou se poña a dar a luz, teña dereito á sanidade pública. Outro caso é o turismo sanitario, cun gasto de máis de mil millóns de euros. Lembra o que manifestaron algunhas persoas do Partido Socialista. A Consejera de Salud de Cataluña, Marina Geli, en xaneiro de 2004 dicía: *Sacrificios individuales* e agora que non goberna insiste *el copago funciona, ahora recae todo el peso en los ciudadanos que pagan impuestos y nada en los que utilizan el servicio, debería alterarse esa proporción y ser más equitativa*. D.<sup>a</sup> Trinidad Jiménez, en xuño de 2010 dixo: *si lo que queremos es disuadir a la gente de que vaya a los centros de salud cuando ho haga falta, lo que tendremos que pensar es si necesitamos introducir algún tipo de tasa para aumentar la recaudación y hacer más sostenible el sistema*. O exministro de Presidencia, don Ramón Jáuregui, en marzo de 2011 dixo: *en el Estado español se ha instalado durante décadas la cultura del gratis total, cabe incorporar copagos en sanidad si se quiere que siga siendo universal y avanzada*. Para rematar di que as persoas do Partido Popular teñen sempre o mesmo discurso.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, pensa que cada un dos datos que deu o portavoz popular daban para outra moción. Non está de acordo con que o ensino en Galicia é plurilingüe, xa que por parte deste goberno non se pode atacar máis á lingua galega. O abandono escolar e o nivel de formación dependen dos recursos económicos. Está claro que moitos dos que legislan non teñen nin idea do que é unha aula, xa que non se poden meter 25 ou 35 nenos pequenos nunha aula e darlles unha formación de calidade ou 35 ou 40 adolescentes. Non é de recibo que un conselleiro diga que así se socializan os rapaces cando a realidade é que están como sardiñas en lata. Estes recortes sanitarios e educativos son a aceptación por parte do PP do modelo económico dos especuladores. O PP decide quitarlle os orzamentos á educación e á sanidade e mantelos en Defensa, Casa Real ou na Igrexa. Tamén evita o PP unha reforma fiscal que mellore o financiamento dos servizos públicos e que sexa realmente redistributiva. Prefire cobrarlles ós xubilados os fármacos que racionaliza-lo gasto farmacéutico, estende-lo Catálogo Galego de Fármacos ou mellora-la prescrición distributiva ós

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

fármacos a través de unidoses para evita-la acumulación de medicamentos. O PP acepta que os orzamentos do Estado contemplan 28.000 millóns de euros para o pago dos intereses da débeda cando, por poñer un exemplo, o gasto farmacéutico en todo o Estado está en 11.000 millóns. Pregúntase a quen queren enganar.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) non se adopta o acordo proposto na moción e queda rexeitada.

**20º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A CONTINUIDADE E CONVOCATORIA DE AXUDAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Jardón Pedras, para que defenda o contido da moción.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, di que esta moción é unha continuidade da que presentaron no pleno anterior. Na do pleno anterior instábase á Xunta de Galicia a derroga-lo Decreto (iso no se deu) e outro acordo no que a Deputación incorporaría unha partida orzamentaria para contribuír ó financiamento dos gastos. Isto acábase de aprobar e isto tamén é unha proposta que lle fai o BNG ó grupo de goberno, para que utilice eses fondos, que en principio ían ser 1,2 millóns de euros e agora son 850.000 euros. Queda claro que o Pleno ven de aprobar -vía modificación de crédito- unha partida de 850.000 euros para este servizo. Tamén queda claro que a Xunta se inhibe nas súas responsabilidades e transfírelle as competencias do Servizo de Axuda no Fogar á Deputación, sen concretar, e moito menos transferi-la partida económica correspondente, xerando un problema enorme para os concellos. No pasado Pleno presentaron a moción, porque estamos a falar de problemas que afectan ás persoas. O Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrencia é ó que teñen que recorrer-las persoas que teñen problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas (sen PIA), persoas en situación de dependencia valorada (con PIA) con dereito pero que non teñen o acceso ó Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación (por estar en lista de espera que hoxe en Galicia supera as 27.000 persoas). O BNG xa se ten manifestado ó respecto do que implica

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012**

este novo decreto, e tamén das numerosas anomalías na súa aprobación, entre as que cabe destacar: Ó suprimi-lo financiamento autonómico das axudas no fogar para persoas non recoñecidas como dependentes nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o Goberno galego infrinxe a Lei de servizos sociais de Galicia. E é que segundo o artigo 53 desta norma o Parlamento de Galicia aprobará anualmente nos orzamentos xerais as cantidades necesarias para facerlle fronte ó cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais. A atribución ás entidades locais deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o axeitado exercicio destas. É dicir, o Goberno galego está obrigado a financiar mediante os seus orzamentos as axudas no fogar, así como a transferirlles a tódolos concellos os medios económicos necesarios para o seu axeitado desenvolvemento. A Xunta tamén infrinxe a Lei de servizos sociais cando co seu decretazo obriga ás deputacións a asumi-lo financiamento das axudas no fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, mediante unha partida específica nos seus orzamentos. Di o artigo 54: os concellos, -que non as deputacións-, terán que consignar nos seus orzamentos as cantidades necesarias para a creación, mantemento, xestión e desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia. A única pequena referencia da Lei de servizos sociais de Galicia ás deputacións faise no artigo 63, que di: as deputacións proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes, de conformidade co previsto na normativa de réxime local. E as bases de réxime local establecen que: a asistencia económica das deputacións, coa única excepción dos plans provinciais de cooperación de obras e servizos, sexa a subvención. Os acordos que propoñen son os seguintes:

1º.- Que por parte dos servizos xurídicos da Deputación se elabore un informe de como, cando e de que maneira se vai aplica-lo decreto, para dar seguridade xurídica e garanti-la prestación do servizo de axuda no fogar nos concellos da nosa provincia de menos de 20.000 habitantes, que son todos excepto a cidade de Ourense. 2º- Que a Deputación aplique os mesmos criterios aplicados na orde do Plan Concertado nos anos precedentes, mantendo as contías económicas previstas para o ano 2011 que solicitaban os concellos nos seus proxectos e resolva as axudas, mediante unha convocatoria en concorrencia competitiva para subvencionar-lo servizo de axuda no fogar básico na totalidade dos concellos de Ourense. Gustaríalle indica-los criterios de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

valoración que había nesa orde do Plan Concertado, que agora non existe como tal: adecuación dos servizos á planificación e ratios de cobertura da Xunta, un 30%; un maior grao de cumprimento da normativa en materia de equipamentos e programas básicos; o esforzo orzamentario dos concellos respectivos, que superaran o baremo do 6%; a estabilidade do seu posto de traballo, a maior e máis completa información e o emprego da lingua galega. Estes eran os criterios á parte de que propio Decreto marcaba por orde de importancia os dependentes, os servizos de axuda básica, etcétera. O terceiro punto do acordo que se propón é que a Deputación nestas subvencións para o financiamento do servizo de axuda no fogar (programa básico ou prestación básica de axuda no fogar), determinará a contía correspondente a cada corporación local para esta finalidade en concepto de renovación procurando manterlle a contía concedida, tomando como referencia a contía concedida para esta finalidade a cada corporación local en 2010.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista,** di que todos coñecemos-la importancia que ten o Servizo de Axuda no Fogar nunha provincia como Ourense, esteamos gobernando ou non. Este tipo de atención ten que seguirse prestando nas mesmas condicións que se viña facendo ata agora, isto forma parte do ideario do Partido Socialista. Os recortes non poden chegar ós nosos maiores porque eles precisan seguir integrándose na vida comunitaria, necesitan de alguén para accións que forman parte da súa vida cotiá. A axuda no fogar non pode verse minguada. Cando se fala do mantemento de servizos sociais comunitarios o presidente da Deputación sempre se escuda nas cifras. Pero as persoas non son números e cando o presidente se reúne co Presidente da Xunta -ese mesmo responsable político que lle ven de impor unha competencia que orixinariamente non lle corresponde ás Deputacións- aparece moi contento e fala de cifras, de 1,2 millóns de euros para servizos sociais e emprego. Pero non fala de cómo se vai executar esta nova competencia dos servizos sociais. Non explica se o número de usuarios vai ter algún tipo de limitación, como se está a facer co Servizo de Teleasistencia. Non se sabe tampouco se se vai mante-lo sistema de concorrencia competitiva. Non se refire ó feito de que esta solución é conxuntural ou se vai sistematiza-la prestación do servizo de axuda no fogar. Espera saír hoxe de aquí cunha idea clara de cómo vai queda-la situación. Todos sabemos cal é a situación da provincia de Ourense. Sabemos que detrás de esas cifras abraiantes que manexan

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

os estudos están persoas que teñen necesidades e que precisan do apoio de todos. Sabemos que en 46 concellos da provincia a principal fonte de ingresos son as prestacións sociais. Sabemos que estamos á cola de Galicia e que unha boa parte das familias ourensás non teñen como principal fonte de ingresos os salarios. Coñecemos datos arrepiantes que indican que a pensión media en Ourense é de 605 euros (fronte ós 827 € da media nacional)., isto sabémolo porque son os nosos veciños, como tamén sabemos que non se lles pode retirar o servizo de axuda no fogar. Non podemos esquecer que a renda media por habitante é a máis baixa de Galicia. Sobre o decreto 99/2012, lembra que a Deputación de Lugo iniciou xa un proceso de negociación que podería rematar no Contencioso-Administrativo. Como xa indicou o Partido Socialista no pleno de abril o decreto carece do informe da Asesoría Xurídica Xeral e a Consellería non abriu o trámite de audiencia coas institucións afectadas. Ademais podería estar infrinxindo a Lei de servizos sociais ó non incluír nos orzamentos a correspondente partida económica e obrigar ás deputacións a asumir o financiamento da axuda no fogar. Pide que se pense nas persoas, nos anciáns, nos cidadáns incapacitados ou enfermos, nos que teñen dificultades para desenvolverse por si mesmos, nas familias que atravesan situacións de crise, nos dependentes, nos colectivos en situación de risco ou exclusión social. Pensando en todas estas persoas deben sistematizarse a prestación deste servizo. Supón que haberá unanimidade neste punto e que os deputados do PP compartirán a proposta do BNG porque expón cuestións obxectivas que axudarán a mellorar a prestación do servizo de axuda no fogar. O grupo de goberno queixase moitas veces de que non se fan propostas, e a oposición está dando continuos exemplos de que si fai propostas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** pensa que todos coincidirán con prestar os servizos sociais nas mesmas condicións ou mellores, porque o Partido Popular pretende que sexa mellor. Respecto ó primeiro punto da moción, o Sr. presidente dixo unha e outra vez que os técnicos desta Deputación estaban traballando nun proxecto de plan provincial de servizos sociais para a nosa provincia, e neso están e a oposición pode mandar tódalas suxestións que estime convenientes. O plan no seu día exporase ó público e permitirá que todo mundo achegue o que teña a ben, de momento xa temos financiamento, o Sr. presidente dixo 1.290.000 euros aproximadamente. Con respecto ós apartados 2 e 3 da moción pensa que se se manteñen as cantidades e logo hai concorrència competitiva, pode dar problemas, porque cada ano se dan diferentes condicións e sobre todo nas circunstancias nas que estamos. O

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

compromiso do presidente e do seu equipo é que en breve se presentarán un proxecto de servizos sociais para esta provincia, asumindo as obrigacións que se derivan do Decreto 99/2012, que é consecuencia dunha lei que aprobou o bipartito. A moción non é desacertada pero é extemporánea, polo tanto o seu grupo votará en contra dela.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, o seu grupo non considera a moción extemporánea, senón da máxima relevancia e está plenamente de actualidade. Os concellos levan efectuando este servizo desde o 1 de xaneiro, malia non existi-lo financiamento, e o problema téñeno 91 concellos da provincia. Non están nada claras as disposicións xurídicas (a Deputación de Lugo está solicitando asesoramento, porque non está nada claro). Non podemos utiliza-la FEGAMP porque non fixo ningunha proposta. O BNG persegue buscar un consenso e darlle propostas ó grupo de goberno. Parécenlles ben os baremos do Plan Concertado, que estaban bastante consensuados. Pide que o grupo de goberno faga propostas, para que a oposición poida facer emendas. O que debe interesar e primar é manter un servizo básico e fundamental como o Servizo de Axuda no Fogar. Reitera que debe ser un ben para protexer, e é hora de rachar coa dinámica de tantas decisións de carácter político que levan tido tantos efectos. Demanda o apoio do Grupo Popular á moción, igual que xa se fixo nesta Deputación con outro decreto semellante.

**D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, non dubida de que a Xunta de Galicia destine 1,2 millóns de euros á Deputación Provincial, para servizos sociais. O que lles parece unha ironía é que o presidente da Xunta lle endose unha competencia á Deputación e agora lle dea ese diñeiro por outro lado, ó mellor á Deputación de Lugo non llo dá. Agarda que os grupos da oposición coñezan ese plan de servizos sociais que se está a elaborar antes que os medios de comunicación, como se adoita facer ultimamente.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, en relación con dar ou non dar diñeiro por parte da Xunta, non quere lembrar cando o bipartito lles daba ós consorcios de incendios de Lugo e non lles daba nada ós de Ourense. En todo caso, cada administración ten a súa autonomía e negocia como mellor lle parece. Estase poñendo en dúbida que na fase previa deste Decreto non se lles deu audiencia ás corporacións locais, e como exemplo están os concellos de Carballo e Vilalba, que fixeron alegacións en prazo e foron atendidas. Neste Decreto suprímese a obriga de darlle conta ó pleno do proxecto anual de servizos sociais

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

comunitarios municipais a proposta da FEGAMP, que en ningún momento cuestionou o desenvolvemento das competencias de cada corporación local.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, reitera que se está a falar dun servizo básico. En canto á FEGAMP, di que non hai un ditame da comisión executiva.

O **Sr. presidente** espera que o primeiro plan de servizos sociais que se vai facer na provincia, consecuencia do Decreto derivado da lei de 2008, se poida presentar no próximo Pleno do 29 de xuño. No pleno de hoxe destinouse unha cantidade para ese plan, que está sendo avaliado polos técnicos da Deputación. O grupo de goberno está aberto para calquera achega que queiran face-lo grupos da oposición -ata este momento aínda non se recibiu ningunha-.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) non se adopta o acordo proposto na moción e queda rexeitada.

**21º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 4º DE SETEMBRO, 4º DE OUTUBRO, 3º DE NOVEMBRO, 2º DE DECEMBRO DE 2011, E 1º DE XANEIRO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de febreiro de 2012 e dos seguintes adicionais: 4º de setembro, 4º de outubro, 3º de novembro, 2º de decembro de 2011 e 1º de xaneiro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

**22º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE FEBREIRO DE 2012.-**

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de febreiro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

**23°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**24°.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** faille as seguintes preguntas ó Sr. presidente:

¿Qué opinión lle merece que a Deputación Provincial de Ourense, segundo Transparency International España (organización non governamental a escala universal dedicada a combater-la corrupción), ocupe o posto 24 de 45 en valoración en relación cos cidadáns e a sociedade?

¿Qué valoración fai de que esta Deputación só acada unha puntuación de 4 sobre 100 en transparencia económico-financeira?

¿Está satisfeito de que só haxa unha deputación en España (Albacete) que presente peores resultados en valoración de transparencia en materias de servizos e apoio ós concellos?

¿Cre que é para estar orgulloso que só en Zaragoza, Badaxoz e Toledo se ofrezca menos e peor información sobre a Deputación Provincial que en Ourense?

¿Qué opina de que das 45 deputacións ou cabidos insulares, Ourense ocupe a posición 37 en valoración global?

O **Sr. presidente** responde que esta enquisa que divulga a organización non governamental foi realizada entre os meses de decembro de 2011 e febreiro de 2012, publicándose os resultados o 9 de maio pasado. Esta enquisa só atende ás páxinas web das institucións auditadas, ou sexa, que lle dá máis importancia a que se publique un tema nunha web a que se publique nun diario oficial. A páxina da Deputación estase actualizando, mesmo hoxe, na retransmisión en directo desta sesión, xa se poden ver algúns dos cambios efectuados nesta páxina. Entre tódolos aspectos que se valoran nesa enquisa non figura a retransmisión dos plenos, que pode ser unha forma de achegarse á cidadanía, e isto só o fai esta Deputación. A dita enquisa ponlles deberes a todos, porque se mandou á Deputación pero tamén se lles mandou ós grupos políticos e estes non realizaron ningunha iniciativa nin ningunha pregunta no

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

pasado. Desde a organización enviouse a carta cos indicadores que se ía avaliar, por exemplo, había que facilita-lo enderezo electrónico dos deputados e os seus datos biográficos, e o Grupo Socialista non tivo a iniciativa de facilitar todos eses datos. En canto á clasificación, manifesta que hai 18 deputacións que superaron os 50 puntos; 27 que “*suspenderon*” cunha cualificación inferior ós 50 puntos. Estráñalle que se se nos critica por unhas cousas e se lle dá tanta relevancia a esta enquisa, por que non se nos felicita tamén por acadar 100 puntos sobre 100 en transparencia en contratación de servizos, porque así figura esta Deputación nese apartado. Esta organización tamén se dedica a auditar concellos, fíxoo en 2010 e por poñer unha referencia o Concello de Ourense quedou no posto 80 dos 110 auditados. Non sabe se é bo, malo ou regular posicionamento, pero non lle da gran importancia, todo depende do relativismo que se lles dea ás cousas. En canto a que se ocupe o posto 24 de 45 en valoración en relación cos cidadáns e a sociedade, di que a media de tódalas deputacións auditadas é do 68,3 neste apartado e a de Ourense é 66,7. En canto á valoración de 4 sobre 100 en transparencia económico – financeira, reconece que é unha mala valoración pero tamén hai deputacións por baixo desa valoración (Valencia, Zaragoza, Sevilla ...), e outras sete teñen a mesma puntuación que a de Ourense, entre elas dúas catalás (Lleira e Girona). Non está satisfeito de que só haxa unha deputación en España (Albacete) que presente peores resultados en valoración de transparencia en materias de servizos e apoio ós concellos, pero ten que dicir que, se é que lle damos tanta relevancia a esta clasificación, estamos empatados con Zaragoza e con Guipúscoa. Non está orgulloso de que só en Zaragoza, Badaxoz e Toledo se ofrezca menos e peor información sobre a Deputación Provincial que en Ourense, pero hai dicir toda a verdade que é que estamos igual de Guadalaxara, Guipúscoa, Huelva, Tenerife e Valencia. En canto á pregunta quinta, opina que esa valoración mellorará en 2012, e como sempre se di que sómo-los últimos en todo, ocupar o posto 37 de 45 non é estar de último. A páxina web e as actualizacións son moi importantes, onte mesmo estivo a ve-la páxina web do Concello de Ribadavia e era conveniente que se actualizasen algunhas cousas, xa no saúdo do alcalde aínda aparece o logo da Consellería de Innovación e Industria e da Dirección Xeral de Promoción Industrial da Sociedade de Información, e iso era en tempos do bipartito, que pasou á historia hai tres anos; e tamén aparece o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, do anterior goberno socialista da Nación. Imaxina que na próxima clasificación teremos unha mellor clasificación.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista**, di que a pregunta que formulou por escrito xa foi contestada en parte cun informe da interventora. De tódolos xeitos, o informe da interventora non lles deixa nada claro, agás que se lle fixo unha doazón a esta casa por parte da persoa que solicitou a Real Banda. Polo que respecta ó pagamento das facturas, parece ser que foron incluídas nunha relación de pagamentos do 29 de decembro. Só lle queda por facerlle á Presidencia, as seguintes preguntas: ¿Pensan vostedes continuar axudando e sostendo á Real Banda? ¿Pensan facer un regulamento para que a Real Banda cumpra os obxectivos e os fins para os que está?

O **Sr. presidente** responde que xa se lle contestara con data 29 de marzo a unha pregunta en relación coa Real Banda de Gaitas, que non había solicitude por escrito, que a actuación fora xestionada verbalmente, que non se emitiu ningunha factura pola dita actuación. O día 16 de maio achegóuselle por escrito un informe do director da Real Banda, de data 17 de marzo de 2012, o importe aboadado por Adolfo Domínguez en concepto de doazón pola actuación da Real Banda, e copia das facturas presentadas para o pago. Xa dixo que un dos obxectivos e compromisos da Presidencia é regular o funcionamento da Real Banda de Gaitas desta Deputación, compromiso no que se ratifica.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, o portavoz do grupo provincial do PP, don Plácido Álvarez, ven de manifestar, segundo recolle un medio de comunicación escrito, que “hai 6 alcaldes da provincia interesados pola planta de residuos do sur de Galicia”. Desde o BNG entendemos que unha cuestión de tanta relevancia, que ten xerado un enorme debate social, non pode ocultarse, polo que pregunta: 1º.- Dada a rotundidade coa que se ten expresado o portavoz popular, ¿pode informar ó Pleno de cales son os alcaldes interesados en que se instale a planta de residuos do sur de Galicia? 2º.- Tendo en conta que o señor Mouriño xa afirmou no seu día que a incineradora non se instalaría en Celanova ¿podería vostede ser igual de contundente ó afirmar que ningún deses emprazamentos que se están a barallar como alternativa pertence á comarca de Celanova? 3º.- ¿É coñecedor vostede da existencia doutros posibles emprazamentos na nosa provincia para a localización da incineradora, e en caso afirmativo cales?

O **Sr. presidente**, en relación coa primeira pregunta, responde que ningún alcalde se dirixiu á Presidencia, nin para solicita-la instalación nin para rexeitala. En relación coa segunda pregunta, di que non coñece que emprazamentos se están a barallar, entón non se pode

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

pronunciar. E en canto a terceira pregunta, responde que non coñece outros posibles emprazamentos para a planta de residuos na nosa provincia.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, manifesta que tendo coñecemento pola prensa de que ten pensado facer unha presentación pública do Plan Estratéxico da Deputación de Ourense, que leva anunciado en varias ocasións, quixera saber se llo vai ou non llo vai facer público ó conxunto dos/as deputados/as provinciais, ou ós portavoces antes que á prensa. ¿Vai seguir día tras día desprezando a tódolos deputados e levando a cabo esa política de foto e de aparencia que tanto lle gusta? ¿Para que creou vostede a xunta de portavoces, e máis cando neste mes xa houbo dúas, se non é nese foro onde se nos comunican os cambios verdadeiramente importantes que pretende impulsar nesta Deputación? En canto ás achegas que pode face-lo Grupo Socialista ó Plan de servizos sociais que se está a elaborar, di que primeiro terán que coñece-lo dito plan, e non se lles pode estar retorcendo por aí. Se se lles presenta un plan poden facer achegas, pero se se lles presenta algo non que xa non hai opción, mal as poden facer.

O **Sr. presidente** responde que el non quere retorcer a ningún. En relación coa primeira pregunta, mañá vai facer público o Plan Estratéxico, así está anunciado desde o luns, estando invitados tódolos alcaldes da provincia e tódolos deputados. A elaboración deste plan xa está anunciado desde o 14 de abril, pasaron 76 días e non recibiu achega de ningún tipo. Nas reunións da Xunta de Portavoces non se expuxo nada relacionado con este plan nin oralmente nin por escrito. Non o considera un desprezo, como tampouco considera un desprezo que a oposición fixera pública a nota que lle puñan ós primeiros días de xestión política deste novo equipo de goberno. En canto á política de foto e aparencia, en cada unha desas aparicións intenta dicir en que temas se está a traballar e que xestións se están levando a cabo. En relación coa pregunta de por qué se creou a Xunta de Portavoces, aclara que a dita xunta xa existía no Regulamento Orgánico de 1988, establecido no artigo 3º, letra g). Houbo dúas reunións da xunta, unha para cambia-la data deste pleno, e outra para falar da orde do día desta sesión, e o Sr. Gómez Pérez en ningunha delas preguntou nada nin achegou nada. A Xunta de Portavoces non é só para que fale o presidente, senón que tamén é para escoitar ós demais. Lémbbralles que na tramitación do novo Regulamento Orgánico a oposición fixo as achegas que creron convenientes, aceptándose todas agás unha por diverxencias entre os grupos da oposición. Manifesta que á parte de estar todos convidados para o acto do día de mañá, tamén están convidados para outra comparecencia pública del, o luns 4 de xuño, invitado polo Foro Nova Economía, e non interpretará como unha descortesía que non

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

asistan. Se algún día comparece algún deputado da oposición nun foro similar, para falar de asuntos relacionados coa Deputación, el alí estará.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, pídlle ó presidente que non manipule, xa que na Xunta de Portavoces, tanto o portavoz do BNG como el mesmo dixeron que era momento de tratar outro tipo de temas. Non está disposto a tolerar isto, porque sorpresa levouna el cando nesa reunión só se falou do cambio da data do pleno. Sabe cales son as funcións da Xunta de Portavoces, o único que pide é que se doten de contido, porque o cambio de data do Pleno arranxábase por teléfono. Reitera que non manipulen e que non se diga o que non é certo, e di que o portavoz do BNG saíu daquela Xunta de Portavoces aínda máis cabreado que el.

O **Sr. presidente** di que só dixo o que pasou. En canto a arranxa-lo cambio de data do pleno por teléfono, se se chega a facer así, está seguro de que agora lle dirían que eses asuntos habería que tratalos en Xunta de Portavoces.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, di que hai uns días saía unha noticia en prensa dicindo que a Deputación financiará o arranxo de varias rúas no Carballiño. Pregunta se existe un plan provincial para este tipo de actuacións, arranxo de rúas urbanas, ou simplemente se decide por afinidades políticas.

O **Sr. presidente** responde que existe unha disposición da Deputación de Ourense para colaborar co que formulan os concellos en función das súas necesidades.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, pregunta se a Deputación ten previsto sacar a poxa algún dos coches oficiais dos que dispón, para dar exemplo de austeridade.

O **Sr. presidente** responde que a Deputación, nesa renovación de flota que teñen que facer tódalas institucións, ten previsto proceder á substitución dalgún deses coches oficiais.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, pregunta se está elaborada a rede ourensá de municipios de cara a sostibilidade ou é simplemente un proxecto anunciado ante a opinión pública como un golpe de efecto.

O **Sr. presidente** responde que non hai ningún golpe de efecto, xa que o que se dixo foi que era un estudo que había que facer. É un proxecto que se vai levar a cabo e mañá, entre outros, terá oportunidade de falar dese.

**D.<sup>a</sup> Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista**, di que o anterior presidente tiña moitos defectos ó entender da oposición, pero cando había un tema transcendental para esta

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

provincia o trataba con seriedade. O Sr. presidente actual convoca da orde de oito roldas de prensa por mes, sae en vinte fotos en inauguracións e visitas, convoca ó mes dúas Xuntas de Portavoces baleiras de contido, e pola contra, cando lles ten que explicar ós deputados e deputadas cuestións transcendentais, como o Plan Estratéxico, teñen que informarse pola prensa. Ironizando, di que hai unha foto do presidente tocando o bombo e con Amparo González ós pratos. Pregunta se lle parece sería a imaxe política que se está ofrecendo desde a Deputación, que podería denominar de bombo e prato. Xa non sabe se lle gustaba máis a política do trombón do pai do presidente.

O **Sr. presidente** responde que, falando de fotos, pode el ensinar unha do responsable de formación do Partido Socialista, que de formación cero. Non vai entrar nin en bombos nin en pratos, simplemente di que lle trasladará ó anterior presidente que o Grupo Socialista considera que trataba con seriedade os asuntos da provincia.

**D. Xan Xosé Jardón Pedras, portavoz do Grupo do BNG**, di que ten coñecemento de que nun pleno da Mancomunidade de Concellos Santa Águeda, tratouse e debateuse sobre un proxecto de canalizado a través dos AGADER para ve-la posible localización dunha central de coxeneración ou biomasa nalgún dos concellos desa Mancomunidade, nomeadamente A Peroxa e Vilamarín. Tenlles chegado algún descontento veciñal, polo que quere preguntarlle á Presidencia se ten algunha información ó respecto. Roga axilidade cando demandan preguntas ou información, porque teñen feito varias respecto dunha cuestión que está de actualidade, e aínda se lles respondeu onte que tiñan o expediente á súa disposición.

O **Sr. presidente** acepta o rogo e habrá maior axilidade nas contestacións. En canto á outra información que se pedía, di que non ten coñecemento ningún do tema que se expuxo.

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG**, en primeiro lugar felicita ó Club Deportivo Ourense e ó Club Ourense Baloncesto polos seus respectivos ascensos, e di que foron recibidos pola Presidencia e o único que non estaba presente foi o noso idioma, polo que roga que no sucesivo se vele pola súa utilización, tal e como sinala a Lei de normalización lingüística e o Estatuto da Autonomía.

O **Sr. presidente** acepta o rogo, pero hai que ter en conta que nos dous equipos había xente que non entende o galego, pero pódense dispoñer cursos de formación en galego para os integrantes dos equipos deportivos de nivel da provincia, que seguro que será unha idea interesante.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 31 de maio de 2012</b> |
|--|

**D. Leopoldo Rodríguez Puga, do Grupo do BNG,** di que tamén Pep Guardiola e Messi teñen que falar en catalán porque viven alí e gañan alí o diñeiro. O normal é que se fale na lingua onde viven e gañen o diñeiro e non na lingua que non é a propia nosa. Deberíase seguir ese exemplo e usa-la lingua de onde vives, comes e paces, porque non se é de onde se nace, senón de onde se paca.

E, ás 16:00 horas do citado día trinta e un de maio do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**